

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 10 de ABRIL de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o martes, 10 de abril de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 2/12, do 24 de febreiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.701 á nº 4.700, de 2012.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

3.-Creación de ficheiro de datos de carácter persoal.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

4.-Desestimación das alegacións presentadas contra o proxecto modificado nº 1 de mellora da seguridade viaria na DP 1502 Porto a Laraxe PK 0-1.1 (Cabanas) incluído na quinta relación da primeira fase do Plan de travesías 2008 e tomar coñecemento de que o Concello de Cabanas dispón dos terreos necesarios para executar as obras e contratatalas.

5.-Aprobar o Plan experiencia piloto de depuración de augas residuais en pequenos núcleos 2011 cun orzamento total de 36.196,84 euros que se han financiar con cargo á aplicación 0401/161B/650 que se detalla: Acondicionamento e reparación de Edars piloto (Outes, A Laracha e Pontedeume).

6.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello de Cerceda dun tramo da estrada EP 2104 tramo: Meirama (Vilares-Quintián) entre os pk 0+000 ao pk 1+630 ao Concello de Cerceda.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

7.-Ratificar a Resolución da Presidencia do 19 de marzo de 2012 relativa á aprobación da prórroga do contrato de servizos consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña ata o 7-04-2013.

8.-Aprobar a modificación das especificacións do Plan de pensións do persoal da Deputación provincial da Coruña.

9.-Aprobación definitiva do expediente para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

10.-Aprobar o borrador de estatutos e iniciación do proceso de creación da “Rede Española de turismo Industrial” RETI.

11.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Grupos Municipais de Intervención Rápida.

12.-Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación e entidades financeiras para o impulso dos microcréditos destinados a pequenos emprendedores.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

13.-Aprobar a 2ª fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

14.-Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra “Abastecemento, saneamento e pavimentación das rúas Celso Emilio Ferreiro e outra” do Concello de Ares, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2008. Código 08.3300.0002.0.

15.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Camiño de acceso a Sobrepontes (Portomouro) e outro” do Concello de Val do Dubra, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código 11.2100.0236.0.

16.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación do camiño do cruce de Vilanova a Beigondo”, do Concello de Santiso, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2010, co código 10.2101.0316.0.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

17.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello do Pino en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

18.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Val do Dubra en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

19.-Informe sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012 e propostas de actuación.

20.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos nº 1/2012..

21.-Modificar a Base 49 das de execución do presuposto: “Subvencións e transferencias nominativas para o exercicio 2012”.

22.-Modificar as subvencións nominativas de exercicios anteriores.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 10 DE ABRIL DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 10 de abril de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de comezar polo punto número un da orde do día, rógolle ao Sr. Secretario que dea lectura a unha declaración institucional que acordamos os tres grupos.

Sr. Secretario

MANIFESTO CONTRA O INCENDIO NO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME

O incendio rexistrado o pasado 31 de marzo nas Fragas do Eume confirmounos a todos a fragilidade dos nosos montes, o fácil que é ferilos de morte e, polo tanto, **o necesario que é insistir**, aínda que soe a reiterativo, na necesidade do seu coidado.

Todos os grupos que conforman a Corporación desta Deputación da Coruña, a pesar de non ter competencias legislativas nin políticas sobre os incendios en Galicia, queremos manifestar o seguinte:

1. Condenamos a acción dos incendiarios que provocan lumes por motivos que nunca seremos capaces de entender. Porque atentar contra os nosos montes é atentar contra a nosa vida, contra o noso modo de vida e, en moitas ocasións, contra o noso MEDIO de vida. Non queremos que haxa impunidade para os culpables, directos ou indirectos, deste incendio, se é que existen.

2. Sumámonos ao queixume pola perda ambiental e tamén económica que supuxo E SUPORÁ o incendio no PARQUE NATURAL DO EUME tanto para os propietarios dos montes queimados como para todos os galegos. Porque o parque natural É PATRIMONIO DE TODOS E NON SÓ DUNS POCOS. Con eles está a nosa solidariedade.

3. Demandamos da Xunta de Galicia, como administración con plenas competencias en materia de prevención e extinción de lumes forestais, a aclaración das causas que motivaron os lumes que afectaron nos pasados días ao Parque Natural das Fragas do Eume, así como os datos reais da afectación deles ao territorio e unha

información detallada das consecuencias ambientais, económicas e sociais deste incendio. En paralelo, urxir que se definan as medidas dispostas para que o proceso de erosión e arrastres que se puidesen producir no caso de choiva non deriven nun proceso de contaminación para o río Eume e a Ría de Ares.

4. Solicitar que, con carácter de urxencia, se comece á elaboración dun plan de recuperación desta zona que parta da filosofía da implicación real da poboación afectada no proceso de posta en valor do singular patrimonio natural existente, así como a aprobación do Plan reitor de uso e xestión das Fragas do Eume, con compromisos de actuación e investimentos concretos, que convertan o proxecto nunha oportunidade para a zona.

5. Demandar do goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, implemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona, sempre baixo os criterios do expresado no apartado anterior.

6. Manifestar a vontade da Deputación da Coruña en colaborar, como parte que somos da Xunta Consultiva do Parque Natural das Fragas do Eume, e dentro das nosas posibilidades, nas medidas que tendan á recuperación do territorio afectado.

Queremos tamén lembrar que o que ardeu na Fraga do Eume, o único bosque atlántico das súas características en toda Europa, era o MEDIO DE VIDA para moitas persoas, polo que mostramos o noso desexo de que, canto antes, SE ACTIVE un plan de recuperación da zona.

Como membros desta Corporación SI podemos afirmar que urxiremos na medida das nosas posibilidades a posta en marcha, en colaboración coa Xunta de Galicia, dun plan de rexeneración do predio propiedade da Deputación, na contorna do Mosteiro de Caaveiro, e confirmamos que, como fixemos ata agora, o monumento seguirá a ser obxecto de especial interese e coidado polo incalculable valor que posúe para todos os galegos.

Porque, máis aló da confrontación partidaria, por lexítima que sexa, o que a sociedade nos pide a nós, os seus representantes, é que lles deamos unha solución ao problema dos incendios. E que loitemos contra os “mercenarios do lume”.

Non queremos terminar sen agradecer o labor das brigadas antilumes, dos integrantes da Unidade Militar de Emerxencias e dos voluntarios de Protección Civil e o Grumir que, sempre que se rexistra un incendio no noso territorio, XÓGANSE A SÚA VIDA para minimizar os danos que só uns poucos e, repetimos, por causas que por incomprensibles se nos escapan, queren causar aos nosos montes.

Sr. Presidente

Antes de pasar ao punto número un, se lles parece aos portavoces dos grupos, tentaremos facer unha visita ás Fragas antes do próximo Pleno para poder entre todos os que queiran estar presentes, ver efectivamente a afectación que, só lles direi, aínda que na visita que fixen a semana pasada dicía que eran 19.000 metros cadrados do predio da Deputación, segundo as medidas dos nosos servizos non son 19.000, son

15.000 do predio que ten a Deputación. Pero de todas as maneiras tentaremos fixar unha data que nos vaia ben a todos para poder asistir como Corporación a este patrimonio que temos alí.

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/12, DO 24 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/12, do 24 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1.701 Á Nº 4.700, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.701 á nº 4.700, de 2012.

3.-CREACIÓN DE FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Acórdase modificar o regulamento polo que se actualizan os ficheiros de datos de carácter persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 31 de xullo de 2008 e publicado no BOP nº 246, do 24 de outubro de 2008, por canto procede a CREACIÓN do ficheiro de datos de carácter persoal denominado “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO” do que será Responsable de Seguridade o xefe do Servizo de Fomento, debido a que se comezaron a realizar novas actividades na Sección de Promoción Económica relacionadas co ficheiro, que se identifica a continuación.

CRÉASE O SEGUINTE FICHEIRO:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos, indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Procedemento de recollida dos datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos identificativos, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas nel)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstos, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios	Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Participantes en Accións de Promoción de Emprego	Finalidade. Xestionar os datos das persoas físicas asesoradas ou participantes en actividades de información.	O propio interesado ou representante legal. Emprendedores, empresarios, persoas en busca de	O propio interesado, mediante entrevista ou presentación de formularios	Datos identificativos. Nome e apelidos, data de nacemento, DNI-NIF, domicilio, teléfono fixo e	Automatizado e manual	Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Centro Europeo de Empresas	Non se prevén	Básico

	formación, asesoramento e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en procura de emprego no marco das actividades de promoción do emprego que organiza ou participa a Deputación provincial da Coruña	emprego. Servizo Público de Emprego de Galicia. Xunta de Galicia.		móbil, dirección de correo electrónico. Formación académica, formación ocupacional, outro tipo de formación. Currículo e experiencias profesionais, información comercial e de empresas.		Innovación de Galicia (BIC Galicia), Empresas, organismos e outras entidades interesadas en participar en actividades de promoción do emprego		
--	---	---	--	--	--	---	--	--

2.- Someter o presente acordo para información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións que, de producirse, deberán ser resoltas pola Corporación. De non producirse estas, o acordo considerarase aprobado definitivamente.”

4.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS CONTRA O PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1502 PORTO A LARAXE PK 0-1.1 (CABANAS) INCLUÍDO NA QUINTA RELACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 E TOMAR COÑECEMENTO DE QUE O CONCELLO DE CABANAS DISPÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA EXECUTAR AS OBRAS E CONTRATALAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Á vista do informe emitido polo Servizo de Vías e Obras, desestimar as alegacións presentadas contra a aprobación do proxecto MODIFICADO N. 1 DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS: 2008.3.82000.0006) tendo en conta que segundo o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras:

“Que no escrito oponse ás obras proxectadas indicando razóns tales como que o proxecto empeorará a calidade de vida dos veciños, que hai carencia absoluta de perigo nas condicións actuais, que hai poucos viandantes que utilizan a vía, que os habitantes que viven na zona utilizan o coche para desprazarse, que a intensidade do tráfico é insuficiente, que as obras non obedecen a un interese público... Todas elas relacionadas cunha suposta falta de necesidade da obra e unha carencia de interese público na súa execución.

Que respecto das razóns formuladas para a oposición á execución da obra, entendemos que o obxecto da obra é mellorar a seguridade viaria da estrada no citado tramo, xa que actualmente a estrada dispón dun ancho de calzada escaso, sen división

de carrís, e carece de beirarrúas ou sendas para o tráfico peonil. Coas obras proxectadas a calzada disporá de dous carrís que permitirán unha circulación máis segura e o viario disporá de beirarrúas que lles permitirán aos peóns transitar dunha forma máis segura sen risco de atopelo, non prexudicando, senón máis ben mellorando, as condicións de seguridade viaria da estrada, implicando iso un interese público. É por iso que se considera, por parte do Servizo de Vías e Obras, que as alegacións formuladas fundamentadas nunha falta de necesidade de interese público, non deberían ser estimadas.”

E doutra banda o Concello de Cabanas fai constar que as alegacións presentadas son en referencia ao primeiro proxecto redactado pola Deputación e doutra banda fai constar que se dispón da totalidade dos terreos afectados pola execución das obras MODIFICADO N. 1 DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS: 2008.3.82000.0006), polo que deberá modificarse o acordo plenario do 30-4-2010 no sentido de suprimir o parágrafo seguinte:

3. Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tal como:

Proxéctase unha ampliación da sección da calzada mediante carrís de 3,25m. fronte ao 2,7m. actuais. Igualmente proxéctanse beiravías de 0,5m.

Mellóranse as condicións de accesibilidade peonil mediante a construción de beirarrúas de 1,50 m. de ancho en ambos os lados da calzada.

Proxéctase a construción de aparcadoiros de 2,00 metros de ancho en determinadas zonas que poden consultarse no proxecto (en zonas sen construcións).

Proxéctase unha urbanización xeral:

- 1. iluminación*
- 2. proxéctase unha rede de saneamento e outra de recollida de pluviais*
- 3. proxéctase a rede de abastecemento ao longo de toda a actuación*

Como consecuencia dos requisitos funcionais que se acaban de describir faise necesaria a execución dunha serie de actuacións entre as que se destacan:

- 1. Construción de varios muros de contención.*
- 2. Execución de terrapléns e desmontes.*

Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial dos vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as dúas bandas a outras estradas e pistas de parcelaria.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIÓNS
Modificado nº 1 Mellora da seguridade viaria na D.P. 1502 Porto a Laraxe PQ 0,0 ao PQ 1,1 (Cabanas) (Código 0811300010.0).	47545,22€

4. Polo que se refire á contratación das obras estas serán obxecto do expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos, así como a dispoñibilidade dos terreos.

- Tendo en conta que non é necesaria a realización das expropiacións, anular o proxecto de gastos 2008.3.82000.006.
- Publicar o citado acordo mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia
- Comunicar o presente acordo aos afectados
- Que se inicien os trámites necesarios para a contratación das citadas obras.”

5.-APROBAR O PLAN EXPERIENCIA PILOTO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN PEQUENOS NÚCLEOS 2011 CUN ORZAMENTO TOTAL DE 36.196,84 EUROS QUE SE HAN FINANCIAR CON CARGO Á APLICACIÓN 0401/161B/650 QUE SE DETALLA: ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE EDARS PILOTO (OUTES, A LARACHA E PONTEDEUME).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan experiencia piloto de depuración de augas residuais en pequenos núcleos 2011 cun orzamento total de 36.196,84 euros que se han financiar con cargo á aplicación 0401/161B/650 que se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE EDARS PILOTO (OUTES, A LARACHA E PONTEDEUME) 11.1400.0001.0	36.196,84
TOTAL	36.196,84 €

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

6.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUENCIA TRANSFERIR A TITULARIDADE AO CONCELLO DE CERCEDA DUN TRAMO DA ESTRADA EP 2104 TRAMO: MEIRAMA (VILARES-QUINTIÁN) ENTRE OS PK 0+000 AO PK 1+630 AO CONCELLO DE CERCEDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello de Cerceda dun tramo da estrada E.P 2104 TRAMO: MEIRAMA (VILARES QUINTIÁN) entre os pk 0+000 ao pk 1+630 AO CONCELLO DE CERCEDA

2)Formalizar co Concello de Cerceda as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino de bens

3)Dar de baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.”

7.-RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 19 DE MARZO DE 2012 RELATIVA Á APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS CONSISTENTES NA IMPLANTACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DUN PLAN DE PENSÍONS PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ATA O 7-04-2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Ratificar a Resolución de Presidencia nº 5258 do 19 de marzo de 2012 e de conformidade coa proposta da Comisión de Control do Plan de pensións e vistos os informes favorables dos xefes dos Servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de Patrimonio e Contratación (conformado por Secretaría Xeral) e Intervención, aprobar a prórroga do contrato de servizos consistente na implantación, posta en marcha e xestión dun Plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña cuxo prego foi aprobado pola Corporación en sesión celebrada no Pleno do 25 de outubro de 2002 e adjudicado polo Pleno da Corporación o 30 de decembro de 2002 á entidade xestora “Bia Galicia de seguros y reaseguros S.A.” (agora denominada CXG AVIVA Corporación Caixa Galicia de Seguros y Reaseguros, S. A., CIF: A15140387) e sendo a entidade depositaria NCG BANCO S.A. C.I.F.: A70302039 (anteriormente denominada Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra-NOVACAIXA GALICIA).

A comisión de depósito e xestión que constitúe o prezo do contrato queda establecida durante o período de prórroga no 0,05% do valor nominal do patrimonio

custodiado (a de depósito) e o 0,15% do patrimonio do fondo de pensións para a xestión, quedando o seu aboamento supeditado á súa cuantificación e á previa existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias 0203/221A/127 e 0203/221A/137 polo exercicio 2013.

O prazo da prórroga (un ano) queda establecido desde o 8 de abril de 2012 ata o 7 de abril de 2013, rexéndose a prórroga polo Prego de cláusulas administrativas aprobado e as correspondentes especificacións técnicas do plan.

2. Formalizar a prórroga en documento administrativo.”

8.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación das especificacións do Plan de pensións do persoal da Deputación Provincial da Coruña.”

9.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEATRO COLÓN.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón.

A. Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concorrència.

Aprobar definitivamente o expediente para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón en réxime de libre concorrència, de conformidade co disposto no art. 86 da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 97 do Texto refundido aprobado por Real decreto lexislativo das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

B. Aprobación definitiva da memoria elaborada pola Comisión de Estudo

Aprobar definitivamente as memorias xurídica e económica e a memoria técnica denominada "Viabilidade e normativa para o uso cultural do "Teatro Colon" da Deputación provincial” .

C. Ratificar a proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do Servizo.

Ratificar a proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público que será a de xestión indirecta na súa modalidade de concesión de servizo público de conformidade co disposto no art. 85.2.B da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime Local, e artigo 277.a e concordantes do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

D. Considerar definitivamente aprobado o Regulamento do servizo que contén as normas do seu funcionamento para a realización de actividades culturais no Teatro Colón, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei reguladora das bases de réxime local, e que se incorpora como anexo.

Remitir copia íntegra e irrefutable do citado regulamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, e publicar integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, (que xa foi obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia nº 39 o 27 de febreiro de 2012, en relación coa aprobación inicial deste) entrando en vigor transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2, en relación co 70.2 da Lei de bases de réxime local”.

ANEXO

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

REGULAMENTO DO SERVIZO QUE CONTÉN AS NORMAS DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E FUNCIONAMENTO DO TEATRO COLÓN

INTRODUCCIÓN

A Deputación Provincial da Coruña considera que o acceso á cultura recoñecido pola Constitución (art. 44) e á que todos teñen dereito, debe ser promovido mediante a realización e fomento do maior número de actividades culturais, para atender ás demandas que esixe unha sociedade que considera valor prioritario para o desenvolvemento humano o goce da cultura en todas as súas manifestacións.

Para iso, e como unha liña máis de desenvolvemento de actividades culturais, a Deputación Provincial da Coruña pon en marcha a través dun contrato de concesión a realización de actividades culturais no Teatro Colón.

O Teatro Colón é de titularidade da Deputación Provincial da Coruña e está situado na Avda. da Marina s/n e foi acondicionado e restaurado pola institución provincial, quen realizou un extraordinario esforzo investidor para que o local dispoña dunhas magníficas e modernas instalacións que posibiliten a realización de toda clase de espectáculos nas mellores condicións técnicas, acústicas e de visibilidade, e con alto nivel de calidade, para unha capacidade de 937 localidades, das que son plenamente operativas 845, dotadas do maior confort.

A través do contrato de concesión, a Deputación combinará a xestión directa (pois no prego figura a reserva de uso do Teatro por parte da Deputación, polo menos 15 días ao ano para actividades culturais promovidas pola institución provincial), e a xestión indirecta propiamente dita, a realizar pola iniciativa privada. Desta maneira a Deputación e os cidadáns obteñen as vantaxes de ambos os sistemas. E deste xeito asegúrase aos cidadáns da provincia unhas maiores opcións de servizos culturais, dado que a Deputación tamén conta cun programa específico de actividades culturais para os municipios da provincia, pondo especial énfase na potenciación da lingua e a cultura galega.

A realización das actividades culturais a través dunha programación estable, de calidade e aberta a todos os cidadáns, enmarcada en pautas de actuación democráticas e de acordo cos principios e valores constitucionais e estatutarios e tendo como eixo a liberdade de expresión artística, enténdese que debe concibirse lonxe de calquera pretensión de dirixismo.

Por iso desde a institución provincial considérase que os verdadeiros protagonistas da actividade cultural deben ser a sociedade, os autores, intérpretes, produtores, directores e demais axentes que interveñen na concepción e desenvolvemento de actividades culturais, así como os municipios, e por tanto, o labor da institución provincial debe centrarse en fomentar e alentar as iniciativas culturais libres.

Con base nos antecedentes expostos, establécense as presentes normas de funcionamento do servizo, referidas unicamente ao Teatro Colón.

I.- OBXECTO

1.- OBXECTO.- As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso do Teatro Colón para ofrecer aos cidadáns o goce da cultura nas súas diversas manifestacións.

2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.- As presentes normas serán de aplicación a todas as actividades que se realicen exclusiva e unicamente no Teatro Colón, de acordo co Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

II.- DEREITOS DOS USUARIOS

3.- DEREITO Á IGUALDADE.- Os usuarios teñen dereito a ser admitidos como espectadores das actividades que se realicen en condicións de igualdade, e por tanto non poden ser discriminados por razón de raza, sexo, nacionalidade, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.

4.- DEREITO DE DETERMINADOS COLECTIVOS.- Os desempregados, estudantes e terceira idade e outros colectivos que se estableza, poderán obter descontos naqueles espectáculos que se inclúan con este carácter na oferta cultural que realice o adxudicatario ou a Deputación.

Nos casos en que un determinado espectáculo teña carácter gratuíto, o acceso realizarase mediante criterios obxectivos

5.- DEREITO A ASISTIR E CONTEMPLAR O ESPECTÁCULO.- Os usuarios teñen dereito a contemplar o espectáculo polo que aboaron ou recibiron unha entrada, nas mellores condicións de comodidade e confort posibles.

6.- LIMITACIÓN POR CAPACIDADE.- Os dereitos establecidos nos artigos 3 ,4 e 5 teñen como límite a capacidade do Teatro.

7.- DEREITO A UNHA ATENCIÓN ADECUADA.- Os usuarios teñen dereito a ser tratados con amabilidade, cortesía e respecto e a ser atendidos de maneira dilixente

8.- DEREITO DE INFORMACIÓN.- Os cidadáns teñen dereito a ser informados coa suficiente antelación da oferta cultural programada, así como das datas, horarios, lugares e modalidades de venda das localidades e demais características dos espectáculos ou actividades culturais.

Entre outros medios de información, o concesionario disporá dunha páxina web onde se poderá consultar permanentemente esta información.

9 DEREITO A PARTICIPAR.- Os cidadáns poderán proporlle á Deputación ou ao concesionario aqueles espectáculos que estimen convenientes para que estes estuden a posibilidade ou conveniencia da súa realización.

10.- LIBRO DE RECLAMACIÓNS.- Os usuarios terán á súa disposición no Teatro Colón un libro de reclamacións para o seu coñecemento pola Deputación e a adopción no seu caso das medidas correspondentes.

11.- CAIXA DE CORREOS DE SUXESTIÓNS.- Os usuarios terán á súa disposición, no Teatro Colón, unha caixa de correos de suxestións, relativas a melloras na prestación do servizo ou calquera outra suxestión.

O concesionario deberá remitir unha copia destas á Deputación.

No entanto, os usuarios poderán presentar directamente as devanditas suxestións na Deputación Provincial da Coruña.

12.- DEREITO A DEVOLUCIÓN DO PREZO.- Nos casos de suspensión de espectáculos, o usuario terá dereito á devolución do prezo da localidade ou á entrega dunha nova entrada (no caso de que o espectáculo ou función se pospoña a outra data), e sempre que este dereito se exercite dentro dos prazos razoablemente suficientes que estableza a organización. Para estes efectos a organización comunicará e difundirá inmediatamente os prazos, lugares e datas onde os usuarios poderán facer valer este dereito.

III.- DEBERES DOS USUARIOS

13.- DEBER DE ABOAR O PREZO.- O usuario que queira acceder a un espectáculo ou actividade, deberá aboar as tarifas establecidas para ela, agás naquelas actividades que teñan carácter gratuíto.

Nin a Deputación nin o concesionario garanten a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declinan toda responsabilidade.

Non se admitirán devolucións nin cambios de entradas, salvo o establecido no artigo 12 das presentes normas.

14.- DEBER DE RESPECTAR AS COLAS.- Os usuarios deberán respectar a orde establecida para as colas en despachos de billetes ou para os accesos (entradas e saídas) aos espectáculos.

15.- RESPECTAR O HORARIO.- Os usuarios deberán acceder ao Teatro Colón ou aos locais coa debida antelación, non terán dereito a acceder á sala unha vez iniciada a representación, sen prexuízo de que poidan esperar a incorporarse nos descansos da representación, sempre que a organización o estime procedente.

16.- DEBER DE RESPECTO E TOLERANCIA.- Os usuarios deberán gardar o debido respecto aos intérpretes e as demais persoas que interveñen nos espectáculos, así como ao público, gardando a debida compostura e silencio durante as representacións.

Os usuarios deberán desconectar as alarmas dos reloxos e silenciar os teléfonos móbiles durante toda a representación.

17.- PROHIBICIÓN DE FUMAR E DISTRIBUÍR BEBIDAS ALCOHÓLICAS.- De conformidade co disposto na Lei 28/2005 do 26 de decembro, modificada pola Lei 42/2010 do 30 de decembro, de prevención de tabaquismo os usuarios non poderán fumar en ningunha instalación do Teatro Colón. Tampouco se poderá vender, distribuír ou facilitar bebidas alcohólicas.

18.- PROHIBICIÓN DE GRAVAR.- Prohíbese filmar ou gravar os espectáculos, así como o uso de flash, salvo que o autorice expresamente a organización.

19.- DEBER DE RESPECTAR AS INSTALACIÓNS.- Os usuarios deberán respectar todos os bens e instalacións do Teatro, evitando a súa deterioración. Igualmente non poderán tirar papeis, envases, comida, bebidas e calquera outro obxecto, contribuíndo a que o Teatro se conserve en adecuadas condicións de limpeza. Así mesmo, deberán utilizar adecuadamente os aseos co fin de que se manteñan nas mellores condicións hixiénico-sanitarias, queda así mesmo prohibida a realización de grafitis ou pintadas.

20.- DEBERES EN CASO DE EMERXENCIA.- Os usuarios terán a obrigaón de seguir as instrucións que se diten en caso de existencia dalgunha situación de perigo derivada de incendio ou calquera outro risco, actuando sempre con calma e serenidade.

IV.- OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO

21.- CUMPRIMENTO DE NORMATIVAS.- O adxudicatario deberá cumprir a normativa laboral e de seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, espectáculos públicos, mantemento e seguridade das instalacións e calquera outra norma de carácter obrigatorio aplicable a estas actividades.

22.- OBRIGACIÓNS RESPECTO DA DEPUTACIÓN.- O concesionario deberá cumprir as obrigaóns derivadas do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

23.- OBRIGACIÓNS ESPECIFICAS RESPECTO DOS USUARIOS.- O concesionario deberá garantir o exercicio dos dereitos dos usuarios que se indican nos artigos do 3 ao 12 da presente norma.

Así mesmo o concesionario terá en conta que as diversas manifestacións culturais se realizarán respectando a liberdade de expresión artística e observando os principios e valores constitucionais e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os recollidos nos tratados e convenios sobre dereitos humanos, protección da infancia e a mocidade, etc. Neste sentido o concesionario informará o público das características das obras ou espectáculos e ao tipo de público ao que van destinados.

24.- OBRIGACIÓNS RESPECTO DOS INTÉRPRETES E COMPAÑÍAS.- O concesionario deberá atender adecuadamente aos intérpretes e compañías que actúen no Teatro, prestándolles a súa colaboración e de acordo cos contratos que subscriba con eles.

25.- OBRIGACIÓNS A RESPECTO DE USUARIOS CON DISCAPACIDADE.- O concesionario deberá cumprir a normativa de accesibilidade e facilitar a súa maior colaboración en relación coa entrada, permanencia e saída do local a persoas discapacitadas.

26.- MANTEMENTO DO EQUIPO DE DESFIBRILACIÓN.- O concesionario deberá manter en perfecto estado de funcionamento o equipo de desfibrilación semiautomático. Para

estes efectos o adxudicatario deberá esixirlle ao persoal do Teatro que realice os cursos de formación e perfeccionamento para a utilización destes equipos

27.- DIFUSIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO .- O concesionario deberá manter durante toda a vixencia do contrato, de forma facilmente accesible na súa páxina web, o texto íntegro das presentes normas ou as súas modificacións.

V.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

28.- DEREITOS DO CONCESIONARIO.- Serán os establecidos no Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

VIN.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN

29.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN.- Serán os establecidos no Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro na modalidade de concesión.

VII.- AVALIACIÓN DE CALIDADE

30.- A Deputación avaliará anualmente a calidade do servizo tendo en conta entre outros factores

- A: os resultados das enquisas aos usuarios e cidadáns
- B: número de usuarios e grao de ocupación
- C: informes de expertos sobre a calidade do servizo
- D: número de consultas realizadas na páxina web
- E: queixas presentadas
- F: suxestións formuladas
- G: felicitacións ou críticas recibidas.

VIII.- VIXENCIA

31.- VIXENCIA.- As presentes normas iniciarán a súa vixencia no momento da adxudicación do contrato para a xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión e durante a súa vixencia poderán ser modificadas polo Pleno da Corporación logo dos trámites previos correspondentes.

10.-APROBAR O BORRADOR DE ESTATUTOS E INICIACIÓN DO PROCESO DE CREACIÓN DA “REDE ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL” RETI.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

Neste punto nós anunciamos o noso voto de abstención, non porque teñamos nada en particular en contra da creación da Rede Española de Turismo Industrial,

RETI, mesmo pode ser unha boa idea, simplemente abstémonos porque imos votar que si ao punto número 19. O punto número 19, que é o informe sobre a aplicación dos Reais decretos de propostas de actuación con respecto ao Decreto do pago a provedores, ponse de manifesto que a Deputación non precisa un Plan de axuste porque non debe ningunha factura a 1 de xaneiro do ano 2012. Pero hai un informe do Servizo de Intervención que fai unha serie de recomendacións dicindo, hoxe estamos moi ben financeiramente, pero a contorna financeira que se prevé no futuro é preocupante, por tanto, deberíamos de adoptar algunhas medidas para preparar á Deputación para esa contorna financeira, que é descoñecida, pero que pode ser preocupante. E entón consideramos que a segunda recomendación que se fai, que imos votar favorablemente o punto 19, que di “Encomendar á Presidencia a análise previa da participación provincial actual en organizacións públicas ou privadas para valorar as actuacións que procedan para reordenar e racionalizar a dita participación provincial. Do resultado da análise previa citada darase conta ao Pleno coas propostas de acordo correspondentes”. Con coherencia coa nosa votación no punto 19, ímonos abster no punto número 10, porque se imos limpar a participación da Deputación en asociacións privadas ou públicas, que non se sabe moi ben cal é o noso papel nin para que estamos aí, mellor limpemos e logo tomamos decisións, se hai que tomar, de participar nalgunha nova. Por tanto, abstémonos só por coherencia co que imos votar no punto número 19.

Sr. Freire Abeijón

Efectivamente, a Deputación non vai asumir un risco económico importante participando nesta Rede Española de Turismo, dado que o obxectivo fundamental da creación desta Rede é canalizar investimentos para poder facer unha recuperación do patrimonio industrial distribuído ao longo da nosa provincia, mediante a captación de investimentos procedentes doutras administracións, tanto por parte da Administración estatal como por parte de fondos europeos, e mesmo fondos financiados ou asumidos por parte das Comunidades Autónomas. Para poder crear esta Rede é necesario un acordo de adhesión por parte da Deputación da Coruña que sería ademais un órgano destacado dentro desa Rede plural, dado que nela están integradas non só entidades provinciais, senón tamén cámaras de comercio, entidades universitarias, entidades supramunicipais, municipios, etc., que teñan un marcado carácter de patrimonio industrial e que teñan elementos recuperables dentro do seu territorio. Como para poder establecer os mecanismos de funcionamento, manter as reunións necesarias para poder xestionar estes programas, é necesario dotar cunha pequena partida, que en ningún caso excedería os 3.000 euros, a participación por parte da Deputación provincial, e entendemos que o beneficio que podería reportar a recuperación dese patrimonio ao longo de toda a provincia, é moito maior que o custo que vai asumir este organismo provincial. E ademais, dado que este acordo o que posibilita é un principio de adhesión, e que non está aínda garantido cantos van ser os socios que integren esa RETI, posiblemente, unha vez que aumente o número de socios, a contía mesmo pode minorarse. Entón, nestas circunstancias entendemos que non é insensato para nada formar parte desta Rede. Grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Acordar o inicio dos trámites para constituír a “Rede Española de Turismo Industrial RETI”.

2.- Aprobar o borrador de estatutos da Rede Española de Turismo Industrial RETI.

Borrador de estatutos da

REDE ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL (RETI)

Preámbulo

En España, a cooperación entre varias iniciativas de turismo industrial postas en marcha nas distintas comunidades, fixo que se xerara un transvasamento de coñecementos e de complicidades que recomendaban trasladar ese modelo de traballo en rede, do nivel provincial ou autonómico, ao nivel de todo o Estado español.

Con esa finalidade, o grupo de traballo xurdido da xornada realizada en Talavera de la Reina o 10 de febreiro de 2011, que contou con representantes das distintas CCAA, elaborou os presentes estatutos da asociación que actuará como plataforma das organizacións que promoven o turismo industrial de forma agrupada e estruturada no territorio español; co fin de desenvolver políticas coordinadas nesa “rede de redes”, que favorezan o traballo conxunto e a organización e estruturación desa modalidade turística, a modo de club de produto turístico, para a súa implementación e desenvolvemento na oferta turística de España

Capítulo I : Disposicións xerais

Artigo 1.- Denominación

Constitúese a asociación sen ánimo de lucro REDE ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL, tamén denominada co acrónimo RETI, que se rexerá polos presentes estatutos, así como polas disposicións legais que lle sexan de aplicación e, en especial, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 2.- Domicilio

O domicilio social queda establecido en..... este pódese modificar logo do acordo previo da asemblea xeral, adoptado por maioría cualificada.

A asociación RETI poderá ter a súa Secretaría e Tesourería nun domicilio distinto ao social, indo os seus custos loxísticos, gastos de funcionamento e persoal de apoio a cargo da organización asociada á RETI que teña o cargo de Secretaría-Tesourería. A devandita localización deberá ser aprobada, por maioría, pola asemblea xeral.

Artigo 3.- Ámbito territorial

O ámbito territorial principal da asociación será o correspondente ao do Estado español, sen prexuízo de que poida realizar actuacións e participar en proxectos a nivel internacional, así como colaborar con outras entidades e organizacións internacionais, sempre que sexa coas finalidades detalladas nos presentes estatutos.

Artigo 4.- Finalidades

A RETI, ten as seguintes finalidades:

- 4.1 Perseguir o recoñecemento, potenciación e valorización do turismo industrial como produto turístico e elemento de dinamización socioeconómica do territorio.
- 4.2 Desenvolver proxectos en beneficio e interese dos obxectivos dos seus integrantes.
- 4.3 Ofrecer servizos e desenvolver ferramentas para os seus integrantes e para terceiros.
- 4.4 Promover a oferta de turismo industrial representada polos seus asociados e contribuír á súa comercialización.
- 4.5 Promover, a través do turismo industrial a sensibilización polos valores da cultura industrial pasada e presente.
- 4.6 Velar pola calidade do turismo industrial.
- 4.7 Fomentar a colaboración, o intercambio de coñecementos e a creación de sinerxías entre os integrantes da Rede, así como con outras organizacións, tanto a nivel nacional como internacional.
- 4.8 Ser interlocutora do sector con organismos públicos e privados do ámbito estatal e internacional.
- 4.9 Ter presenza nos foros e iniciativas de interese para os obxectivos da rede.
- 4.10 Efectuar as funcións de observatorio e centro de coñecemento e innovación do sector.
- 4.11 Lograr o posicionamento de España como destino de turismo industrial.
- 4.12 Desestacionalizar a demanda en destinos turísticos e promover a actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente turísticos, a través do turismo industrial.

Capítulo II : Integrantes e asociados

Artigo 5.- Clases de socios

- A. Poderán ser socios ordinarios da RETI, aquelas organizacións, con personalidade xurídica propia, que promovan o turismo industrial de forma agrupada e estruturada, nun territorio español de ámbito supramunicipal. Os socios fundadores da RETI só poderán pertencer a esa categoría.
- B. Poderán ser socios individuais aquelas organizacións xurídicas responsables de recursos e produtos de turismo industrial en España que non teñan a opción de estar integradas dentro dunha organización da categoría “A” (socios ordinarios) e cumpran os requisitos e protocolos que establecerá a asemblea da RETI. A representación dos asociados individuais nos órganos de goberno da RETI será sempre, proporcionalmente, menor que a dos socios ordinarios, co fin de preservar o carácter de “rede de redes” que inspira á RETI. Os socios individuais terán dereito a voz, pero non a voto, salvo aqueles que formen parte da Xunta Directiva.

As organizacións asociadas, en ambas as categorías, estarán representadas nos distintos órganos da asociación mediante unha persoa física que sería designada e notificada á RETI polos respectivos órganos de goberno das devanditas organizacións asociadas. Tamén poderán designar un membro suplente. Os devanditos representantes perderán esta condición cando a organización á que representan cause baixa da asociación; ou ben por revogación da súa designación, por vontade propia ou por acordo dos órganos de goberno da organización á que representan. En todo caso, esa circunstancia será comunicada á Presidencia da RETI por escrito.

Artigo 6.- Entidades e institucións colaboradoras

Poderán converterse en entidades ou institucións colaboradoras aquelas que, ben sendo do ámbito público ou privado, queiran formalizar o seu soporte á Rede (mediante convenio ou outro documento), achegando recursos, ofrecendo servizos e integrando o turismo industrial nas súas políticas turísticas de promoción e desenvolvemento. Terán dereito a asistir á asemblea con voz, pero sen voto. Ese dereito perderase por causa de resolución do documento vinculante.

Artigo 7.- Proceso de admisión

Aquelas organizacións que desexen pertencer á asociación deberán presentar a súa solicitude, mediante escrito dirixido á Presidencia, acreditando o seu carácter xurídico, cumprir os requisitos necesarios para acceder á súa condición de socio, ser coñecedor dos dereitos e obrigas dos estatutos da RETI e comprometerse á súa aceptación e cumprimento.

A Presidencia someterá a solicitude a consideración da Xunta Directiva que poderá aprobala provisionalmente, quedando condicionada a súa admisión definitiva á ratificación por parte da asemblea xeral na primeira sesión que esta celebre.

Artigo 8.- Dereitos

Son dereitos dos socios da categoría “A” (socios ordinarios):

- Asistir os seus representantes ás reunións da asemblea xeral e outros órganos de goberno aos que pertencen, con voz e voto.
- Elixir e ser elixidos os seus representantes para formar parte dos distintos órganos de goberno da asociación.
- Solicitar e recibir información sobre a totalidade das actividades, administración e xestión da asociación.
- Participar nas actividades promovidas pola asociación, nas condicións establecidas.
- Propor todo tipo de iniciativas concorrentes coas finalidades da asociación aos órganos da asociación

Son dereitos dos socios da categoría “B” (socios individuais):

- Asistir os seus representantes ás reunións da asemblea xeral con voz e sen voto, fóra daqueles que formen parte da Xunta Directiva, que terán dereito a voz e voto.
- Elixir e ser elixidos os seus representantes para formar parte da Xunta Directiva da asociación.
- Solicitar e recibir información sobre a totalidade das actividades, administración e xestión da asociación.
- Participar nas actividades promovidas pola asociación, nas condicións establecidas.
- Propor todo tipo de iniciativas concorrentes coas finalidades da asociación aos órganos desta.

Artigo 9. - Obrigacións

Son obrigacións de todos os socios:

- Cumprir o establecido nos estatutos da asociación.
- Acatar e cumprir os acordos que, no ámbito da súa capacidade e competencia, acorden os órganos de goberno da asociación.
- Contribuír ao cumprimento dos obxectivos da RETI, participando e colaborando activamente.
- Asistir ás sesións dos órganos dos cales se forme parte.
- Contribuír economicamente no funcionamento da asociación, así como naquelas obrigacións derivadas de convenios ou acordos aprobados pola asemblea con outras institucións.

Artigo 10.- Perda da condición de socio

A condición de socio perderase por:

- Vontade propia do asociado, debendo comunicar esa vontade por escrito á Presidencia, cun mínimo de seis meses de antelación á data en que desexa causar baixa, debendo estar ao corrente dos seus compromisos e obrigacións anteriores e garantindo o cumprimento das pendentes. Nese caso, convocarase á asemblea para que tome coñecemento da citada baixa.
- Por acordo da asemblea xeral, adoptado por unha maioría de dous terzos, motivado polo incumprimento das obrigacións estatutarias. O acordo de separación ou baixa, deberá conter a liquidación dos dereitos e deberes do socio afectado, respecto da asociación, que lle serán notificados. A proposta de separación será presentada á asemblea pola Xunta Directiva, logo da audiencia previa e notificación ao interesado.

Capítulo III : Órganos e funcionamento

Artigo 11.- Órganos de goberno, órganos de xestión e outros órganos

A asociación conta cos seguintes:

Órganos de goberno:

- Asemblea xeral
- Xunta Directiva
- Presidencia
- Dúas Vicepresidencias

Órganos de xestión:

- Secretaría-Tesourería
- Xerencia

Outros órganos:

- Comisión consultiva

Artigo 12.- A Asemblea xeral

1. É o órgano supremo de goberno da asociación. Estará presidida por quen teña o cargo da Presidencia da RETI e, na súa ausencia, pola primeira das Vicepresidencias. Deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano. Tamén se reunirá sempre que a Xunta Directiva o acorde necesario ou ben cando o solicite un mínimo do 10 % dos asociados con

dereito a voto. Neste último caso, a asemblea deberá celebrarse no prazo máximo de dous meses a partir da solicitude.

2. As convocatorias das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito cunha antelación mínima de quince días. A convocatoria deberá incluír o día, hora, lugar da reunión e a orde do día.
3. Forman parte da asemblea:
 - a. Todos os socios ordinarios (clase “A”), a través dos seus representantes, que terán dereito a voz e voto (Un só voto por cada organización asociada).
 - b. Todos os socios individuais (clase “B”), a través dos seus representantes, que terán dereito a voz, pero non a voto (fóra daqueles que formen parte da Xunta Directiva).
 - c. Todos os integrantes da Xunta Directiva, que contarán con dereito a voz e voto.
 - d. A Presidencia, con dereito a voz e voto.
 - e. As Vicepresidencias, con dereito a voz e voto.
 - f. A Secretaría-Tesourería, con dereito a voz e voto.
 - g. A persoa que ocupe a Xerencia da RETI, que contarán con dereito a voz, pero non a voto.

Tamén se convidará a participar na asemblea:

- h. Aos membros da Comisión Consultiva, que terán dereito a voz, pero non a voto (a excepción da portavozía que a representa na Xunta Directiva)
- i. Aos representantes das entidades e institucións colaboradoras, que terán dereito a voz, pero non a voto.

Ningún dos membros da asemblea percibirá remuneración derivada da súa condición de socio.

4. A asemblea quedará validamente constituída cando concorran a ela un mínimo do terzo dos seus socios con dereito a voto. En todo caso, non poderá realizarse ningunha sesión sen a presenza da Presidencia, nos termos que se describe neste artigo 12.1, nin do secretario/a-tesoureiro/a da RETI, ou persoa en quen delegue.

No caso de non chegarse ao quórum esixido, poderá celebrarse unha reunión informativa para dar conta dos temas previstos na orde do día. A Presidencia, por razóns de urxencia xustificadas, poderá tomar as competencias do órgano colexiado, debendo ser ratificados os acordos tomados na próxima asemblea.

5. Os acordos da asemblea adoptaranse pola maioría simple (máis votos afirmativos que negativos) dos votos presentes ou representados por delegación escrita. No entanto, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos, cambio de domicilio social, disposición ou alleamento de bens, solicitude de declaración de utilidade pública e remuneración dos membros dos órganos de representación, deberán ser tomados por maioría cualificada, é dicir, que os votos afirmativos deben superar a metade dos votos válidos emitidos (negativos e abstencións)
6. Os acordos tomados pola asemblea deberán recollerse nun libro de actas.

Artigo 13.- Competencias da asemblea

Son competencias da asemblea:

- a) Aprobar a localización do domicilio social e da Secretaría-Tesourería da RETI
- b) Aprobar a incorporación ou separación definitiva dos asociados á RETI
- c) A elección e cesamento dos cargos para a Presidencia, as Vicepresidencias e a Secretaría-Tesourería de entre os representantes dos asociados ordinarios (categoría “A”) á RETI na asemblea
- d) A elección dos membros da Xunta Directiva
- e) A elección dos membros da Comisión Consultiva
- f) Aprobar a modificación, por maioría absoluta, dos estatutos da asociación
- g) Establecer as directrices da política xeral de actuación da asociación, aprobando os Plans de actuacións propostos pola Xunta Directiva
- h) Aprobar os plans de actuación e os orzamentos anuais
- i) Aprobar a liquidación económica e a memoria anual
- j) Aprobar as obrigacións económicas xerais que deban cumprir os socios
- k) A adquisición ou alleamento de bens patrimoniais
- l) Aprobar a incorporación ou separación a outras asociacións ou organismos, nacionais ou internacionais
- m) Aprobar a sinatura de convenios con entidades e institucións colaboradoras e con outras entidades públicas ou privadas
- n) Solicitar a declaración de utilidade pública
- o) Aprobar as condicións e criterios de acceso e representación dos asociados individuais (clase “B”) á asociación

- p) Aprobar, se procede, o regulamento de réxime interno
- q) Acordar, por maioría absoluta, a disolución da asociación
- r) Resolver calquera outra cuestión que non estea atribuída a ningún outro órgano de goberno da asociación

Artigo 14.-A Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de representación permanente que representa e xestiona os intereses da asociación, de acordo coas directrices da asemblea xeral. Os seus membros serán elixidos en asemblea, de acordo co artigo 13, por un mandato de catro anos e perderán esa condición cando deixen de formar parte da asemblea.

Está integrada por:

- A Presidencia, que é a mesma que a da asociación
- As dúas Vicepresidencias, que son as da asociación
- A Secretaría-Tesourería da asociación
- Os vogais, nun número que garanta a representación de todas as comunidades autónomas con asociados na RETI. Os devanditos vogais serán elixidos entre os representantes dos asociados ordinarios (“A”) ou individuais (“B”) tendo en conta que estes últimos non poderán superar o 25 % dos primeiros

Todos eles contarán con voz e voto.

Así mesmo, tamén se convidará a formar parte da Xunta Directa, con voz, pero sen voto:

- A persoa responsable da Xerencia
- O portavoz da Comisión Consultiva
- Aquelas persoas que a Xunta estime oportuno convocar de forma puntual

Os cargos electos da Xunta Directiva non percibirán remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo.

A Xunta Directiva reunirse de forma ordinaria coa periodicidade que se estableza, e que non será inferior a unha reunión trimestral. Tamén poderá convocarse, de forma extraordinaria, por motivos de urxencia, a pedimento da Presidencia ou a pedimento de dúas dos seus membros.

As convocatorias faranse por escrito e deberán formalizarse cun mínimo de dez días de antelación. Para dar validez á convocatoria requirirase un quórum dun mínimo do 25 % dos convocados e os acordos tomaranse por maioría simple. En caso de non chegar ao quórum

esixido, poderá realizarse unha reunión informativa e a Presidencia, por razóns de urxencia xustificada, poderá tomar as competencias do órgano colexiado, deberanse ratificar os acordos tomados na próxima reunión da Xunta.

As decisións da Xunta Directiva deberán recollerse nun libro de actas.

Artigo 15.- Competencias da Xunta Directiva

- Facer o seguimento da actividade da asociación, segundo o Plan de actuación e o orzamento aprobados pola asemblea.
- Levar a xestión económica e administrativa da asociación.
- Formular e someter á aprobación da asemblea xeral a memoria e a liquidación económica anual.
- O nomeamento da persoa que deba ocupar o cargo da Xerencia da asociación.
- Propor á asemblea os membros que poidan integrar a Comisión Consultiva
- Aprobar a creación de grupos ou comisións de traballo puntuais ou temporais
- Aprobar a contratación, incluída a do persoal, que poida efectuar a asociación sempre dentro dos orzamentos e plan de actuación aprobados pola asemblea.
- Solicitar e aceptar subvencións, así como aceptar doazóns de calquera tipo.
- Propor a aceptación ou separación de asociados, de acordo cos artigos 7 e 10 dos presentes estatutos
- Elevar á asemblea aqueles temas da súa competencia que deban serlle sometidos a consideración.
- Calquera outra atribución que lle sexa asignada pola asemblea xeral.

Artigo 16.- Presidencia

A persoa que exerza a Presidencia, será designada pola asemblea xeral de entre os representantes dos asociados ordinarios (categoría “A”) que opten ao devandito cargo. Os mandatos serán de catro anos, podendo ser reelixida por un segundo mandato consecutivo, a condición de que manteña a representación necesaria e esixida nos presentes estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que representaba.

O cargo de presidente non percibirá remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo, aínda que a asemblea poderá aprobar que lle sexan compensados os gastos de desprazamentos e axudas de custo motivados en exercicio de representación da asociación.

As súas competencias son:

- Representar legalmente á asociación
- Cumprir e facer cumprir os acordos da asemblea xeral e da Xunta Directiva
- Convocar a asemblea e a Xunta Directiva, así como a Comisión Consultiva e cantos órganos complementarios creados presida.
- Aprobar a orde do día das reunións convocadas; presidilas, suspendelas e redactar as actas das sesións
- Dispor do voto de calidade, nos empates das votacións.
- Dispor os pagos acordados validamente
- Dispor de sinatura nas contas bancarias da asociación
- Visar certificados expedidos pola Secretaría
- Subscribir, en nome da asociación, os contratos, convenios e peticións de subvención, para o cumprimento das finalidades desta.
- Encomendar misións específicas aos órganos de xestión, así como aos membros da xunta ou da asemblea
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola asemblea xeral ou pola Xunta Directiva

Artigo 17.- Dúas Vicepresidencias

A RETI contará con dúas Vicepresidencias: Vicepresidencia Primeira e Vicepresidencia Segunda, que serán representadas por aqueles candidatos, representantes dos asociados da clase “A” (ordinarios) que sexan elixidos pola asemblea. O seu mandato será de catro anos podendo ser reelixidos, a condición de que manteñan a representación necesaria e esixida nos presentes estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que representaba.

Para dar unha maior representatividade territorial, evitarase que as dúas Vicepresidencias sexan ocupadas por representantes de organizacións dunha mesma comunidade autónoma.

Os cargos de vicepresidente non percibirán remuneración ningunha polo exercicio do seu cargo, aínda que poderán serlle compensados os gastos de desprazamentos e axudas de custo motivados en exercicio de representación da asociación, a aquela Vicepresidencia que actúe en substitución no cargo da Presidencia, sempre que a asemblea aprobase o pago dos devanditos gastos.

As competencias das Vicepresidencias son:

- Substituír á Presidencia, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou delegación. Nese caso, a representación recaerá, en primeiro lugar, na Vicepresidencia Primeira, e ante imposibilidade ou indisposición da persoa que exerza ese cargo, trasladarase á persoa que ocupe a Vicepresidencia Segunda.
- Aquelas funcións que lles sexan asignadas pola asemblea xeral, a Xunta Directiva ou a Presidencia.

Artigo 18.- Órganos de xestión

1. Secretaría-Tesourería

De entre os representantes dos asociados da clase “A” (ordinarios), a asemblea da RETI elixirá á persoa responsable da Secretaría-Tesourería. O seu mandato será de catro anos, poderá ser reelixido, a condición de que manteña a representación necesaria e esixida nos presentes estatutos. O cargo tamén se perderá cando a persoa que o teña deixe de manter a representación da organización asociada á que representaba.

As súas funcións serán:

- Custodiar a documentación da asociación
- Levar o libro-rexistro de socios e das persoas que lles representan
- Asistir ás reunións dos órganos de goberno, con voz e voto. Redactar e asinar as actas das devanditas reunións
- Redactar e asinar as certificacións co visto e prace da Presidencia
- Exercer o control e custodia dos recursos económicos da asociación
- Levar e supervisar a contabilidade.
- Elaborar conxuntamente coa Xerencia a proposta de orzamento anual para presentar á Xunta Directiva
- Presentar os balances, inventarios e rendición de contas anuais, de ingresos e gastos
- Asinar os recibos e demais documentos de tesourería
- Pagar as facturas aprobadas previamente pola Presidencia ou persoa delegada.

O cargo de responsable da Secretaría-Tesourería non percibirá remuneración ningunha en exercicio do seu cargo, por parte da asociación.

2. Xerencia

A Xunta Directiva poderá nomear un responsable da Xerencia da asociación, que poderá recibir tamén a denominación de coordinador, director ou outra similar. É o máximo órgano administrativo de execución e asesoramento técnico, ás ordes da Xunta Directiva e da Presidencia.

A Xunta Directiva establecerá o réxime de dedicación, a retribución (con base no orzamento aprobado pola asemblea) e as tarefas xerais da xerencia.

As súas funcións son:

- Executar e facer cumprir os acordos dos órganos de goberno
- Organizar, dirixir, administrar e inspeccionar os servizos e programas da asociación, de conformidade ás directrices dos órganos de goberno
- Ter a representación técnica da asociación
- A dirección do persoal ao servizo da asociación
- Coordinar o persoal técnico das distintas organizacións asociadas á RETI, para a consecución dos obxectivos desta
- Propor e desenvolver propostas e proxectos adecuados ás fins da asociación
- Executar os proxectos e iniciativas incluídos nos Plans de actuación aprobados
- Realizar xestións para a obtención de recursos económicos para levar a cabo os proxectos da asociación
- Participar, con voz e sen voto, nas reunións dos órganos de goberno da asociación, así como na Comisión Consultiva e facer o seguimento dos demais órganos que poidan constituírse desde a asociación.
- Emitir informe técnicos que sexan necesarios nos programas, expedientes e actividades que realice a asociación
- Cantas funcións concretas lle encomende a Presidencia e a Xunta Directiva

Artigo 19.- Outros órganos

- Comisión Consultiva

A asociación contará cun órgano consultivo permanente, integrado por persoas que, ben pola súa representatividade, ben a título persoal, polos seus coñecementos e

traxectoria, poidan realizar achegas de interese ás fins da asociación. A súa función será consultiva e de asesoramento, non sendo vinculantes as súas decisións.

Os seus integrantes serán propostos pola Xunta Directiva á asemblea xeral, que será quen aprobe a constitución da Comisión Consultiva. A permanencia dos devanditos integrantes na Comisión será por un período de tempo igual ao do mandato dos órganos de goberno da asociación, podendo ser ratificados de novo no seu cargo polos novos representantes dos órganos de goberno. Os integrantes que o sexan en representación dalgunha entidade, perderán a súa condición de membros cando deixen de desempeñar a dita representación. Do mesmo xeito, poderán causar baixa da Comisión a petición propia, logo da petición previa por escrito, ou ben por decisión da Xunta Directiva, debidamente argumentada.

A Comisión Consultiva será convocada e estará presidida pola Presidencia da asociación, ou persoa en quen esta delegue. Ás reunións asistirán tamén as persoas responsables da Xerencia e da Secretaría, así como aquelas que a Presidencia considere oportuno convocar. A Comisión Consultiva será convocada, polo menos, dúas veces ao ano.

De entre os membros da Comisión Consultiva, escollerase a un portavoz que represente a este órgano na Xunta Directiva.

Os membros da Comisión Consultiva poderán ser convocados á asemblea, con voz e sen voto, a excepción do portavoz que representa á Comisión na Xunta Directiva, que disporá de voto.

Os membros da Comisión Consultiva non percibirán remuneración ningunha pola súa pertenza a esta.

A asemblea poderá constituír, ademais e sempre que o considere oportuno, outros órganos como comisións, grupos de traballo, etc, que terán carácter temporal e cuxa finalidade poida ser xestionar proxectos concretos, actividades determinadas ou para realizar os encargos solicitados pola Xunta Directiva. Nestes casos, os presidentes poderán ser os representantes de socios ordinarios ou individuais, escollidos entre os seus compoñentes e polos propios participantes no grupo. Do mesmo xeito, designarase a un dos membros para que exerza o papel de secretario/a de actas.

Sen prexuízo da autonomía das comisións, a Xunta Directiva exercerá funcións de supervisión e control, e o xerente impulsará as súas tarefas na orde executiva.

Para o financiamento da xestión dos proxectos desas Comisións, poderán establecerse – se é necesario- cotas específicas por parte da Xunta Directiva, con cargo aos socios implicados.

Capítulo IV : Réxime económico, documental e contable

Artigo 20.- Patrimonio fundacional

A asociación, no momento da súa constitución carece de patrimonio fundacional.

Artigo 21.- Contabilidade

A asociación disporá dunha relación actualizada dos seus socios e levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do seu patrimonio e do seu resultado, así como da súa situación financeira e das actividades realizadas. A devandita documentación, así como o libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno, estarán ao dispor dos socios.

As contas da asociación e os orzamentos serán aprobados anualmente pola asemblea xeral. Os exercicios serán anuais, con inicio o 1 de xaneiro e finalización o 31 de decembro de cada ano.

A asociación poderá valerse dos servizos administrativos e técnicos das organizacións asociadas, así como dos medios de que estas dispoñan, cando razóns técnicas, de especialización ou de eficacia así o aconsellen. Iso será especialmente así, no caso daquela organización asociada que detente a Presidencia da asociación.

Artigo 22.- Recursos económicos

Estarán baseados en:

- Cotas anuais dos socios, que establecerá a asemblea xeral e que deberán ser aboadas por estes dentro dos tres primeiros meses do exercicio anual.
- Cotas puntuais dos socios, establecidos para proxectos concretos
- Achegas e subvencións das administracións públicas nacionais e internacionais
- Doazóns, premios e herdanzas de institucións privadas e empresas
- Intereses ou rendas que produzan os fondos e o patrimonio da Asociación
- Ingresos obtidos por actividades lícitas acordadas pola Xunta Directiva

Artigo 23.- Administración de fondos

A asociación abrirá unhas contas bancarias onde disporán sinatura o presidente, o secretario-tesoureiro e o xerente.

Para a disposición de sinaturas requirirase a sinatura de dous deles, un dos cales deberá ser necesariamente ou o presidente ou o secretario-tesoureiro.

A asociación someterase a todas as actuacións de verificación e inspección que se consideren necesarias para comprobar o cumprimento da normativa e o correcto uso dos fondos.

Capítulo V : Disolución

Artigo 24.- Circunstancias

A Asociación Rede Española de Turismo Industrial (RETI), constituída por tempo indefinido, poderá disolverse por acordo da asemblea xeral, por maioría absoluta, en convocatoria efectuada expresamente para tal fin.

Tamén poderá disolverse por sentenza xudicial ou calquera outra causa legalmente establecida. En ambos os casos, a asemblea xeral decidirá o destino dos bens e dereitos da asociación, así como as operacións que estean pendentes de resolverse. Constituirase unha Comisión Liquidadora integrada polos membros da Xunta Directiva que naquel momento estean nela, e con aqueles socios que na asemblea xeral mostren o seu interese por participar da devandita Comisión Liquidadora.

A Comisión Liquidadora, cumprindo o acordo da asemblea xeral, fará a liquidación pertinente que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da asociación, tal e como recolle o artigo 7.1.k da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

A asociación conservará a súa personalidade xurídica ata a conclusión do período de liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea disposto nos presentes estatutos aplicarase a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e as disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No período de transición ata a contratación da Xerencia e en ausencia desta, poderá acordarse por parte dos socios fundadores da RETI, que a organización elixida para asumir a Secretaría-Tesourería, desempeñe as funcións encomendadas á Xerencia, podéndose compensar os gastos que se determinen, logo da xustificación documental previa.

ANEXO AOS ESTATUTOS:

Descrición consensuada das finalidades expostas nos estatutos

4.1. Recoñecemento, potenciación e valorización do turismo industrial como produto turístico e elemento de dinamización socioeconómica do territorio.

O principal obxectivo da futura rede debería ser conseguir o recoñecemento e a potenciación do turismo industrial como produto turístico, co fin de obter o seu posicionamento. Para iso debería fomentar liñas que favorezan a divulgación, a formación e a valoración do turismo industrial, tanto no ámbito institucional, como nos sectores profesionais e empresariais, académicos así como entre o público. O desenvolvemento de tales liñas levaría a cabo mediante accións diversas, por exemplo, a introdución do turismo industrial nos plans académicos de titulacións relacionadas co sector ou nos temarios de probas de habilitación dos guías turísticos; a organización de viaxes de familiarización con axentes do sector e con profesionais da comunicación a organización de xornadas sobre o tema, etc.

4.2. Desenvolver proxectos en beneficio e interese dos obxectivos dos seus integrantes.

Un dos principais labores da rede sería a creación de produtos turísticos cos integrantes da rede. Dunha maneira máis global, a rede poría en marcha proxectos para traballar os seus obxectivos promocionais, comercializadores, divulgativos, formativos, de calidade, etc. A participación en cada proxecto sería discrecional para os integrantes, podendo decidir en cada caso se desexan participar ou non.

4.3. Ofrecer servizos e desenvolver ferramentas para os seus integrantes e para terceiros.

A rede podería ofrecer servizos de asesoramento e de xestión, así como desenvolver instrumentos que faciliten o traballo comunitario virtual, ferramentas para a formación e a comercialización (ex.: manuais, documentación, central de reservas) e para a promoción e comunicación (ex.: edición dunha newsletter). Os devanditos servizos e ferramentas tamén poderían ser ofrecidos a terceiros nas condicións que se conveñan.

4.4. Promover a oferta de turismo industrial representada polos seus asociados e contribuír á súa comercialización.

Mediante a creación dunha web de presentación da rede e que concentre a oferta representada polos seus socios. Creando materiais de promoción, asistindo a feiras e workshops; organizando presstrips i famtrips, a fin de conseguir a integración do turismo industrial en paquetes turísticos e catálogos de turoperadores. Tamén integrando a súa oferta nas liñas de promoción impulsadas desde organismos de promoción turística das diferentes CCAA e de Turespaña. Neste sentido, para os efectos de comercialización, a rede debe ser equiparada como un club de produto turístico a nivel nacional e recoñecida por Turespaña e as comunidades autónomas.

4.5. Promover, a través do turismo industrial a sensibilización polos valores da cultura industrial pasada e presente

As actuacións desenvolvidas pola rede, así como os seus asociados, levarían implícita a posta en valor da cultura da industria, tanto pasada como presente, nas súas manifestacións tanxibles e intanxibles, buscando unha maior difusión e sensibilización por estes elementos culturais e a súa necesidade de preservación e posta en valor.

4.6. Velar pola calidade do turismo industrial

A rede, velará pola calidade da oferta de turismo industrial representada, pondo os medios dispoñibles ao dispor dos seus asociados para melloralas, incentivando a aplicación de manuais e metodoloxías de boas prácticas e as normativas aplicables (SICTED, marca “Q” de turismo industrial, etc.)

4.7. Fomentar a colaboración, o intercambio de coñecementos e a creación de sinerxías entre os integrantes da rede, así como con outras organizacións, tanto a nivel nacional como internacional

Estimularíanse as sinerxías, colaboracións e contactos entre os membros da rede, mediante foros de debate virtuais, con xornadas presenciais e organizando visitas de benchmarking,

facendo que as experiencias duns redundasen en beneficio de todos. Do mesmo xeito, tentaríase facer extensivo o coñecemento doutras experiencias de interese externas á rede.

Ademais de compartir experiencias tamén sería desexable compartir recursos e proxectos. De maneira que produtos turísticos como rutas, ou paquetes, fosen compartidos entre asociados de distintos ámbitos territoriais.

4.8. Ser interlocutora do sector con organismos públicos e privados do ámbito estatal e internacional

A rede, en tanto que fose representativa do sector, conseguindo ser unha “rede de redes de turismo industrial” en España, podería desempeñar un papel de representatividade do turismo industrial, cos distintos axentes institucionais, públicos e privados, tanto nacionais como internacionais.

4.9. Ter presenza nos foros e iniciativas de interese para os obxectivos da rede.

En razón do exposto no punto anterior, a rede debería estar presente nos distintos foros e iniciativas que se desenvolvan e que poidan ser de interese para os seus obxectivos e os dos seus integrantes, converténdose en antena e portavoz destes.

Nese sentido, debería estar especialmente atenta a todo aquilo que afectase os aspectos relativos á calidade, normativa e desenvolvemento do produto turístico que representa.

4.10. Efectuar as funcións de observatorio e centro de coñecemento e innovación do sector.

A rede actuará como Observatorio de Turismo Industrial, impulsando estudos e enquisas que permitan dispor de datos e indicadores sobre a oferta e a demanda, coñecer a procedencia, gustos e preferencias dos clientes, cuxa motivación da viaxe sexa o Turismo Industrial e así poder expor políticas e estratexias para o desenvolvemento do devandito turismo. Así mesmo promoverá, na medida das súas posibilidades, aqueles proxectos que permitan avanzar no coñecemento e a innovación da industria turística, mediante a súa aplicación ao turismo industrial

4.11. Lograr o posicionamento de España como destino de turismo industrial

O conxunto de obxectivos expostos nos puntos anteriores debería perseguir que España fose recoñecida nos mercados como un destino de turismo industrial de interese e de calidade. Ben pola súa oferta específica, ben por estar integrada esta no conxunto da oferta turística que ofrece o país.

4.12. Desestacionalizar a demanda en destinos turísticos e promover a actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente turísticos, a través do turismo industrial

A rede promoverá o turismo industrial como elemento desestacionalizador da demanda en destinos tradicionalmente turísticos, co fin de conseguir unha maior ocupación en tempada baixa que mellore os resultados das empresas e supoña un beneficio para a poboación local,

incrementando a actividade económica ao longo do ano, xerando postos de traballo e mellorando a calidade de vida. Do mesmo xeito promoverá o turismo industrial como elemento xerador de actividade turística en territorios non considerados tradicionalmente como turísticos.”

3º.- Designar como representante da Corporación Provincial da Coruña, para os traballos de xestión derivados da tramitación dos estatutos e do proceso de creación da rede ao Sr. deputado provincial José Santiago Freire Abeijón”.

11.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Freire Abeijón

Simplemente explicar que, tal e como se tratou na Comisión Informativa, inclúese a modificación das datas para xustificación destes convenios co ánimo de flexibilizar a xustificación por parte dos concellos. Como todos vostedes saben, é un convenio que vén asinando durante os últimos anos cos 16 concellos que teñen GRUMIR na provincia da Coruña, en 10 dos cales coincide tamén que hai un parque de bombeiros, a achega son 45.000 euros, o que supón un total de 720.000, e o obxectivo que busca a Deputación é, unha vez máis, colaborar cos concellos, e o feito de variar ese prazo de xustificación lle permite unha maior flexibilidade porque moitos destes concellos vense avocados a que tiñan serias dificultades para manter a contratación dalgún persoal do GRUMIR.

ACORDOS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a deputación e os concellos para o sostemento dos grupos municipais de intervención rápida (GRUMIR 2012).

2º A achega provincial prevista nos convenios ascende a un total de 720.000 euros. A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0305/135.B/462.01

3º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTENEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

A Coruña, de de dous mil doce

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario deste organismo, D. José Luis Almau Supervía. .
O alcalde-presidente do Concello de

EXPOÑEN

- 1.- Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.
- 3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.
- 4.- Que os GRUMIR levan actuando dende agosto do 1997 coa colaboración da Xunta de Galicia máis a FEGAMP.
- 5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación realiza nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar a finalidade proposta, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración cos concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, coa fin de conseguir a inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliares, apoio en materia de seguridade viaria, actividades ambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídos noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- ORZAMENTO

O CONCELLO de ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto, en principio e como aproximación por: un responsable encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación as distintos quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, e dez peóns, organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas da súa contorna.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ao Concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 45.000 euros os cales irán destinados a financiar os gastos de nóminas de persoal e material funxible.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/135B/462.01 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando, coa excepción de:

- * Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2012
- * Convenio de colaboración na campaña de actuación contra os incendios forestais.
- * Convenios de Servizos Sociais.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa en medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO.

SEXTA.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto na Base 56.2 das de execución do orzamento para o ano 2012. A achega da Deputación será de 45.000 € e ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un pagamento a prol do CONCELLO polo importe total de 22.500.- euros (50%), unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- ◆ Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- ◆ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- ◆ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- ◆ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o

CONCELLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

2. Rematada completamente a realización da actividade, e dentro do prazo establecido na base sétima do convenio, deberán presentar a xustificación que constará da seguinte documentación:

- ◆ Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ◆ Certificación clasificada dos pagos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento.
- ◆ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- ◆ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- ◆ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- ◆ Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

SÉTIMA. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes de finalizar o período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira 30.06.2013

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo de dous meses contados a partir da finalización daquelas, ou, a petición do concello, ata o 31.10.2013, período máximo fixado nas bases de execución do presuposto vixente para o 2012

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinado de oficio por esta.

NOVENA.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

DÉCIMA.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONCELLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

DÉCIMO SEGUNDA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xullo de 2012 e conservará a súa vixencia ata o día 30 xuño de 2013.

2. Logo da solicitude previa por parte CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como

consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil doce

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
Diego Calvo Pouso”	

12.-APROBAR O CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E ENTIDADES FINANCEIRAS PARA O IMPULSO DOS MICROCRÉDITOS DESTINADOS A PEQUENOS EMPRENDEDORES.

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Explicar cal é o obxectivo fundamental desta liña de microcréditos que busca o financiamento de ata 25.000 euros, que está comprobado nos últimos anos que é un mecanismo eficaz para posibilitar que determinados emprendedores poidan acceder a liñas de crédito que doutra maneira sería complicado ou difícil neste momento, e este produto financeiro persegue, fundamentalmente, dous obxectivos, por unha banda o económico, de creación de emprego e tamén a estimulación do consumo, e por outra banda, un obxectivo social que é reducir a exclusión financeira, dado que sabemos que neste momento moitas pequenas empresas ou emprendedores que tentan crear a súa empresa por primeira vez, están con dificultades. O papel da Deputación nesta medida non supón ningún gasto para o ente provincial, pero que se se busca a finalidade de informar as distintas peticións, para iso a Deputación conta cun grupo de ADLs que colaborarán nese traballo de información das distintas solicitudes, e como tamén está prevista a próxima contratación de orientadores laborais por parte deste organismo provincial e tamén da creación dunha UPD, entendemos que entre as súas misións podería estar a de asesoramento e o informe relativo a estas liñas de microcréditos. Está orientado, digamos, fundamentalmente a pequenas empresas, os beneficiarios van ser tanto autónomos como, digamos, proxectos de autoemprego, cunha renda anual de ata 60.000 euros, e orientados a microempresas de menos de dez traballadores e cunha facturación anual inferior aos 500.000 euros.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar o texto do convenio marco incorporado no presente acordo para asinar entre a Deputación Provincial da Coruña e as entidades financeiras coas que chegue a concertarse, para promover a concesión de microcréditos, o autoemprego e a creación, consolidación e mellora de empresas na provincia da Coruña

2º Os compromisos da Deputación que asumirá nos convenios son os seguintes:

- a) Detectar as necesidades de financiamento dirixidas a promover a autoocupación, e o establecemento, consolidación ou ampliación de microempresas e negocios de autónomos.
- b) Ofrecer información e asesoramento aos emprendedores no desenvolvemento de seu proxecto empresarial.
- c) Analizar o proxecto empresarial e realizar un informe de viabilidade.

Unha vez validado o proxecto, derivar os emprendedores á entidade financeira correspondente, co fin de obter o microcrédito.

O desenvolvemento das competencias anteriores, non supón gasto específico para a Deputación, nin tampouco ningunha responsabilidade no bo fin da operación de endebedamento, xa que esta asínase entre a entidade financeira e o solicitante emprendedor.

3º Facultar a Presidencia para asinar coas entidades financeiras colaboradoras os seus bancos sociais participados que teñan iniciativas e liñas de crédito como as recollidas no presente convenio marco, os convenios oportunos adaptados no que respecta ás competencias, obrigas e responsabilidades ao convenio-marco referido, sen prexuízo das circunstancias organizativas de cada entidade.

4º O texto integro do convenio é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A. DEPUTACIÓN E A ENTIDADE FINANCEIRA.....

A Coruña, de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, a Deputación da Coruña, con domicilio na Coruña, Avda. Alférez Provisional nº2, C.P.15006, número de identificación fiscal P1500000C, representada neste acto por D.Diego Calvo Pouso, presidente desta, con número de identificación fiscal, .

E doutra, a entidade financeira, de agora en diante , domiciliada en, con número de identificación fiscal , e inscrita no Rexistro Mercantil de tomo,

folio, folla , inscrición, representada neste acto por D./D^a. , provisto de número de identificación fiscal .

En adiante, ambas conxuntamente, as partes, e cada unha delas individualmente, a parte.

MANIFESTAN

I.- Que a Deputación da Coruña, ten entre as súas competencias a promoción da actividade económica na provincia e o apoio ás iniciativas emprendedoras dos axentes económicos e sociais deste ámbito.

II.- Que a entidade financeira, x, é unha entidade de crédito que dentro do seu obxecto social, entre outras, desenvolve a actividade de concesión de microcréditos, préstamos de pequena contía sen garantía real coa finalidade de fomentar a actividade produtiva, a creación de ocupación e o desenvolvemento persoal e familiar. Estes microcréditos diríxense a financiar proxectos empresariais promovidos por persoas emprendedoras e en especial, por aquelas persoas físicas e/ou xurídicas que, polas súas condicións económicas e sociais, poden ter dificultades de acceso ao financiamento bancario tradicional.

III.- Que ambas as partes consideran a conveniencia de colaborar para mellorar o financiamento e promoción das microempresas e o fomento do emprego autónomo a través de microcréditos, como medio para favorecer a creación e consolidación de emprego e facilitar soporte aos proxectos empresariais viables.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración (en diante, o convenio) de conformidade cos seguintes puntos:

PRIMEIRO- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer unha liña de financiamento dirixido a.

- Potenciar o autoemprego e incentivar a actividade emprendedora favorecendo a igualdade de oportunidades de homes e mulleres, novos residentes, persoas con discapacidades e con especial atención aos colectivos vulnerables en situación de exclusión financeira.
- Financiar o establecemento, consolidación ou ampliación de microempresas, negocios de autónomos e proxectos de autoemprego co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento do tecido produtivo, a creación e consolidación de emprego e a contribución ao progreso social.

SEGUNDO-COMPROMISOS DAS PARTES

A Deputación da Coruña comprométese a:

- a) Detectar as necesidades de financiamento, dirixidas a promover o autoemprego, e ao establecemento, consolidación ou ampliación de microempresas e negocios de autónomos.

- b) Facilitar os servizos de apoio e asesoramento empresarial que se consideren necesarios para o bo desenvolvemento do proxecto.
- c) Analizar a viabilidade do proxecto. Para poder acceder ás condicións de financiamento establecidas neste convenio, os proxectos de empresa terán que contar cun plan de empresa e o correspondente informe favorable de viabilidade elaborado pola Deputación da Coruña.
- d) Dirixir ás persoas físicas e/ou xurídicas que sexan asesoradas pola Deputación (en diante, cada unha delas, o solicitante) á entidade financeira, co fin de que este analice e, no seu caso, aprobe as solicitudes de financiamento que aquelas lle presenten.

A entidade financeira comprométese a:

- a) Crear unha liña de financiamento dirixido aos proxectos presentados polos solicitantes que teñan algunha das finalidades indicadas no anterior pacto primeiro.
- b) Estudiar as solicitudes de financiamento realizadas polos solicitantes e derivala, no caso de que se aprobe, cara á liña de financiamento da entidade financeira, obxecto deste convenio.
- c) Establecer un importe anual dun millón de euros (1.000.000 euros) destinado ao financiamento dos proxectos que se presenten e sexan aprobados.
- d) Informar á Deputación da Coruña dos microcréditos formalizados no marco deste convenio coa periodicidade que de mutuo acordo determinen as partes.

TERCEIRO-CARACTERÍSTICAS DO FINANCIAMENTO

Achégase ao presente convenio como anexo I, as condicións económicas da liña de financiamento obxecto do presente convenio, que ambas as partes declaran coñecer e aceptar en todos os seus termos.

O tipo de xuro aplicable ás operacións que se formalicen no marco do presente convenio será o tipo de xuro fixado en cada momento pola entidade financeira.

O solicitante poderá consultar a información relativa aos tipos de xuro e comisións aplicables á operación concreta en calquera oficina da entidade financeira.

CUARTO-CESIÓN DA POSICIÓN CONTRACTUAL

As partes acordan que a entidade financeira poderá ceder a súa posición no presente convenio, sen requirir o consentimento da Deputación da Coruña, polo que queda obrigada a notificar a dita cesión. A Deputación da Coruña non poderá interpor ningunha excepción a esta pero estará facultada para resolver o convenio de acordo co establecido no pacto sétimo.

QUINTO-TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométese e obrigan a tratar de modo confidencial calquera dato e información de carácter persoal que traten en virtude deste convenio e a cumprir adecuadamente e en todo momento as disposicións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección

de datos de carácter persoal (en diante, LOPD), no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (en diante, o regulamento), e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a materia.

Para estes efectos faise constar que para as funcións relacionadas co disposto no presente convenio, a entidade financeira, actuará habitualmente a través do seu axente, quedando este último autorizado, na condición na que actúa, a recibir a información a que se refire este convenio.

A entidade financeira, mediante cláusula incorporada para o efecto no modelo de certificado de viabilidade que emita a Deputación da Coruña e que o solicitante deberá achegar para solicitar o financiamento, e no contrato que no seu caso formalice co solicitante, solicitará o consentimento dos afectados para tratar os seus datos e para cedelos á Deputación da Coruña, quen se constituirá desde a súa recepción en responsable do tratamento dos datos recibidos, e trataraos coa única finalidade de realizar o apoio e seguimento do proxecto empresarial por parte da entidade.

A Deputación da Coruña, desde a recepción dos datos quedará obrigada a cumprir coas obrigacións establecidas no artigo 5 da LOPD e demais disposicións da mesma lei.

A Deputación da Coruña, non poderá de ningún xeito utilizar os datos recibidos da entidade financeira para finalidade ningunha distinta á exposta ou ceder a terceiros os datos de carácter persoal dos solicitantes, calquera que sexa a finalidade da cesión ou comunicación, nin utilízalos para a promoción ou comercialización de calquera produtos e/ou servizos.

As partes obríganse a adoptar e manter as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos e evitar a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizado, segundo o nivel de seguridade esixible conforme co establecido no regulamento, e en calquera outro que o modifique ou substitúa no futuro. As ditas medidas serán, como mínimo, as dos niveis básico e medio definidos no regulamento, e refírense aos ficheiros, centros de tratamento, locais, equipos, sistemas, programas, comunicacións mantidas entre as partes e persoas que interveñan no tratamento.

A Deputación da Coruña manterá indemne a entidade financeira facultándoa para repercutirlle o importe de todo tipo de indemnizacións, sancións e gastos derivados de reclamacións das persoas afectadas, ou promovidas de oficio pola autoridade competente, por negligencia e/ou falta de confidencialidade, uso, tratamento ou comunicación indebidos dos datos de carácter persoal, ou calquera outra infracción das normas de protección de datos, sempre que lle sexa imputable.

Ambas as partes comprométese a comunicarse mutua, puntualmente e por escrito a existencia de acción administrativa ou xudicial ou a comunicación da autoridade competente co prazo suficiente para que sexa posible exercer o dereito de defensa, se lle conviñera.

SEXTO -SIGNOS DISTINTIVOS

A Deputación da Coruña poderá utilizar única e exclusivamente os signos distintivos propiedade da entidade financeira (en diante os “signos distintivos”) coa finalidade de

incorporalos nos documentos, soportes electrónicos ou sitios web, que de acordo coa entidade financeira se utilicen co obxecto do presente convenio, coa autorización previa e por escrito desta, para cada caso concreto.

A entidade financeira declara ser titular de pleno dereito de todos e cada un dos signos distintivos sen que sobre eles recaia gravame, carga, nin obrigaón contractual con terceiros que limiten ou restrinxan a capacidade da entidade financeira para outorgar unha licenza de uso deles.

Suxeita á condición de aprobación indicada, a entidade financeira outorga unha licenza de uso sobre os seus “signos distintivos” co obxecto exclusivo da comunicación, difusión, promoción e tramitación dos microcréditos obxecto deste convenio. Esta licenza é exclusiva e intransferible, para todo o territorio español e por un período de tempo igual á duración do presente convenio.

SÉTIMO-DURACIÓN

Este convenio terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2012. No entanto, se transcorrido o mencionado prazo o convenio continuase sendo observado polas partes, considerarase automaticamente prorrogado por un período de doce meses, e así sucesivamente. Para este efecto, establécese un prazo de aviso previo dun mes, para a súa extinción por denuncia unilateral.

Ademais dos supostos previstos pola lei, as partes poderán resolver o convenio, polo incumprimento do pactado por calquera delas, que non sexa emendado no prazo de trinta días, contados desde a denuncia deste incumprimento, formulada pola outra parte, e tamén por desacordo insalvable sobre as condicións aplicables nunha prórroga.

O convenio resolverase, sen necesidade de aviso previo, no caso de que calquera da partes incorrese nalgún suposto de incompatibilidade, inhabilitación –mesmo temporal- ou ben por imposibilidade de exercicio das actividades contempladas neste convenio, ou se se lle impuxese unha sanción por infracción moi grave, en razón da lexislación especial a que estea suxeita.

Así mesmo tamén se poderá resolver o convenio, nas mesmas condicións indicadas no parágrafo anterior, sempre que as operacións crediticias efectuadas ao abeiro do presente convenio xeren unha morosidade que así o xustifique.

OITAVO-COMUNICACIÓNS

As comunicacións entre as partes que, como consecuencia deste convenio deban facerse por escrito, dirixiranse aos domicilios que figuran ao principio deste documento. En caso de producirse algún cambio nos respectivos domicilios, a validez das notificacións quedará supeditada á previa comunicación irrefutable da mencionada notificación á outra parte.

NOVENO-DIFUSIÓN DO CONVENIO

A difusión e comunicación pública do presente convenio requirirá o mutuo acordo de ambas as dúas partes.

DÉCIMO-XURISDICIÓN

Para a solución de calquera cuestión litixiosa derivada deste convenio, as partes sométense expresamente á xurisdición dos xulgados e tribunais da cidade da Coruña, con renuncia expresa ao seu propio foro.

E para que así conste, en proba de conformidade, asinan en dous orixinais do presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento

A Deputación da Coruña

A entidade financeira

O PRESIDENTE

Diego Calvo Pouso

ANEXO I

MICROCREDITOS SOCIAIS: Condicións	
Finalidade	Proxectos de autoemprego. Inicio, consolidación ou ampliación de microempresas e iniciativas económicas e empresariais por conta propia.
Importe	Máximo: 25.000 euros (cun máximo do 95% do investimento)
Beneficiario	Persoas físicas cun proxecto de autoemprego. Profesionais autónomos cunha renda anual de ata 60.000 euros. Persoa xurídica (Microempresa con menos de 10 traballadores e cunha facturación anual inferior a 500.000 euros)
Periodicidade	Mensual
Prazos	60 meses incluídos 6 meses de carencia opcional
Tipo de xuro	A partir do 31/12/2011 de acordo co indicado no pacto terceiro do convenio.
Garantías	Sen garantía real, nin condición de aval, excepto cando o titular é unha persoa xurídica, que se requirirá aval necesariamente.
Requisito	Achegar un plan de empresa e un informe favorable de viabilidade por parte da Deputación da Coruña.”

13.-APROBAR A 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as actuacións que a continuación se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	Feder Deputac Total
12.2800.0059.0	Saneam Flores e Castrobo (Aranga) Pr. Mandeo	84.558,77
		36.239,47
		120.798,24
12.2800.0060.0	Saneam.Montecelo (Bergondo) Pr. Mandeo	54.095,37
		23.183,73
		77.279,10
12.2800.0061.0	Saneam Ánxeles, Castelao e o (Betanzos) Pr.Mandeo	75.389,66
		32.309,85
		107.699,51
12.2800.0062.0	Pluviais e sendas peonís Trasanquelos (Cesuras)Pr.Mandeo	103.937,10
		44.544,47
		148.481,57
12.2800.0063.0	Saneam Colantres, Merille, parque Ois (Coirós) Pr. Mandeo	83.305,00
		35.702,14
		119.007,14
12.2800.0064.0	Ampl sendas peonís e accesos (Curtis) Pr. Mandeo	133.672,12
		57.288,05
		190.960,17
12.2800.0065.0	Mellora saneam Irixoa (Irixoa) Pr. Mandeo	77.703,71
		33.301,59
		111.005,30
12.2800.0066.0	Saneam no lugar de Maial (Oza) Pr. Mandeo	105.000,00
		45.000,00
		150.000,00
12.2800.0067.0	Saneam en San Mamede -Vigo (Paderne) Pr. Mandeo	104.520,19

		44.794,37
		149.314,56
12.2800.0068.0	Área recreativa de Roade (Sobrado) Pr. Mandeo	88.988,45
		38.137,91
		127.126,36
12.2800.0069.0	Afianzam.marca Refuxios do Mandeo Pr.Mandeo	38.491,60
		16.496,40
		54.988,00
12.2800.0070.0	Control arqueolóxico saneam Ponte Aranga.Pr.Mandeo	908,60
		389,40
		1.298,00
T O T A L 2ª fase anualidade 2012		950.570,57
		407.387,38
		1.357.957,95

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2012.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

14.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA “ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS CELSO EMILIO FERREIRO E OUTRA” DO CONCELLO DE ARES, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2008. CÓDIGO 08.3300.0002.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra "Abast., san. e pav. rúas Celso Emilio Ferr. e ou”, código: 08.3300.0002.0, do Concello Ares, incluída na anualidade 2008 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, cun orzamento de contrata de 344.189,63 €, que aínda que non supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración substancial do contido do proxecto nin unha variación da finalidade ou do obxecto da obra, si varía o seu trazado anteriormente aprobado, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	Datos co 16% IVE		
			Deputación F. propios	Concello.	Orzamento Total
08.3300.0002.0	Ares	Abast., san. e pav. rúas Celso Emilio Ferr. e ou	309.770,65	34.418,98	344.189,63

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2012, no que se incluíra o crédito suficiente na partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o financiamento desta obra.”

15.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑO DE ACCESO A SOBREPONTES (PORTOMOIRO) E OUTRO” DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO 11.2100.0236.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Camiño de acceso a Sobrepones (Portomouro) e outro” do Concello de Val do Dubra, incluída no POS 2011 co código: 11.2100.0236.0, cun orzamento de contrata de 57.588,15 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade ou obxecto da obra, si implica unha variación do trazado aprobado inicialmente.

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Estado	Concello	Orzamento Total
11.2100.0236.0	Val do Dubra	Camiño de acceso a Sobrepones (Portomouro) e outro	43.310,98	11.397,76	2.879,41	57.588,15”

16.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CRUCE DE VILANOVA A BEIGONDO”, DO CONCELLO DE SANTISO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2010, CO CÓDIGO 10.2101.0316.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación cm. Cruce Vilanova a Beigondo” do Concello de Santiso, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 1/ 2010, co código: 10.2101.0316.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade desta, pero si implica un cambio do trazado da obra inicialmente proxectada.

Financiamento co 18% de IVE

Código	Concello	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
10.2101.0316.0	Santiso	Pavimentación cm. Cruce Vilanova a Beigondo	29.277,21	1.381,21	30.658,42

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2012, no que se incluíra o crédito suficiente na partida 0501/459A/76201 do vixente presuposto provincial para o financiamento desta obra.”

17.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DO PINO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello do Pino en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

18.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Val do Dubra en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

19.-INFORME SOBRE A APLICACIÓN DOS REAIS DECRETOS-LEI 4/2012 E 7/2012 E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

Xa recalcou antes o portavoz do Grupo Socialista que, evidentemente, un informe de Intervención demostra claramente que algo se fixo ben nesta administración durante os últimos oito anos. En todo caso, o BNG non se vai opor a ningún plan que persiga a mellora da coordinación e a eficacia das administracións públicas. No entanto, parece de sentido común que deberíamos coñecer os obxectivos marcos das xestións iniciais que queremos encomendar á Presidencia antes de apoiar o primeiro punto deste acordo, porque se o acordo trata de transferirle á Xunta de Galicia servizos que son competencia exclusiva desa administración, e que nestes momentos está a prestar a Deputación provincial, por exemplo, consorcios de bombeiros, Fogar Infantil Emilio Romay, centros de menores, etc., o BNG vai estar completamente de acordo coa acción do Goberno. No entanto, se se trata de asumir por parte deste ente provincial servizos que son competencia exclusiva da Xunta, evidentemente o BNG xa manifesta o seu total desacordo. Por tanto, gustaríanos que este punto quedase enriba da mesa ata o próximo Pleno para coñecer que obxectivos se perseguen con este acordo en concreto.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Aínda que xa na intervención anterior expuxen o sentido do noso voto, que vai ser favorable, quixera facer algunhas puntualizacións,

aproveitando este tema que hoxe se debate. Imos votar porque nos parece razoable preparar á Deputación ante o futuro incerto que se nos aveciña, e entendo, e creo que non fai falta interpretacións, que se hai acordos é para transferir centros da Deputación á Xunta de Galicia, porque se fai referencia a competencias impropias desta Deputación, como fogares infantís ou institutos de ensino medio e formación profesional. Pero si quixera dicir que o sentido deste Decreto, e non é unha competencia da Deputación, e dígoo como un rogo ao presidente, dado que o seu partido goberna Galicia e goberna España, que o obxectivo deste Decreto é que os provedores cobren, e non resolver os problemas financeiros da banca española, e como lle rogo aproveitando, e sei que é como iso de que aproveitando que o Pisurra pasa por Valladolid, pediríalle ao Sr. Presidente que exerza a súa influencia ante os órganos do seu partido e dos órganos do Goberno de España, para que o tipo de xuro que as entidades financeiras van cobrar por esta operación, sexa o máis baixo posible. O que non pode ser é que as entidades financeiras tomen prestado do Banco Central ao 1% e presten despois aos concellos ao 5%. E desde logo, o que non pode ser é que os bancos tenten quedar con este diñeiro para compensar as débedas que con eles teñen os provedores.

Por tanto, imos votar que si a este punto, e quixera facer este rogo ao presidente para que se diminúan os xuros, para que os bancos non compensen débedas con provedores e para que, efectivamente, este diñeiro chegue a quen ten que chegar, que son os provedores e ás empresas acreedoras das administracións públicas locais españolas. Moitas grazas.

Sr. Freire Abeijón

O obxectivo prioritario e fundamental é racionalizar os gastos por parte do organismo provincial e transferir determinados servizos que está a prestar de forma non competencial. Entendemos que esa vai ser a liña de traballo que inicie o presidente, aínda que paralelamente está prevista a creación de comisións, tanto político-técnicas, como comisión de seguimento, para valorar cales desas actuacións son viables, cales non, pero parece razoable que sexa o presidente quen, polo menos, inicie esa rolda de contactos coas distintas administracións, co ánimo de, polo menos, ter un marco previo sobre o que traballar.

O obxectivo do actual Grupo de Goberno na Deputación é continuar con esa liña de eficacia de pago aos provedores, e ante un escenario previsible, moito máis complexo que os últimos anos, lóxicamente é necesario facer un estudo pormenorizado de onde se poden aplicar esas reducións. Creo que toda a Corporación se sente satisfeita de que esta Deputación manteña unha situación moi razoable de débeda cos provedores, dado que, como antes comentaba o Sr. portavoz do Partido Socialista, a 31 de decembro a situación era de todas as facturas do exercicio 2011 estaban resoltas, o cal entendemos que para todos sexa un motivo de satisfacción e pretendemos seguir con esa liña de actuación.

Sr. Regueira Varela

Estamos de acordo coa intervención do portavoz do Partido Popular, por tanto, manifestamos o noso apoio ao punto.

Sr. Presidente

En todo caso, dicirlles, efectivamente, que do que se trata é, seguindo esa contorna financeira complicada, ver propostas e traelas aquí para debatelas en Comisión, e alí loxicamente, unha vez que a proposta estea clarificada, veremos que posicionamento tomamos cada un. De todas as maneiras, o que se trata non é de absorber competencias, e ás veces nin sequera de deixar competencias, senón de coordinar ás administracións nas competencias e que non distintas administracións estean a exercer unha mesma competencia. De todos os xeitos, traerémolos loxicamente a Comisión e alí poderemos discutir amplamente sobre estes temas que puxeron enriba da mesa.

E con respecto ao portavoz do Grupo Provincial Socialista dicirle que, efectivamente, imos trasladar esa inquietude, que xa o fixemos, e de feito as noticias que hai acerca do tipo que van cobrar as entidades financeiras anda arredor do 5%, pendente de confirmar, e sabe vostede que a día de hoxe, calquera dos concellos que están aquí representados, ou dos 94 da provincia, cando acoden a unha entidade financeira, desgraciadamente ese tipo que, ás veces non lle ofrecen, pero cando lle ofrecen a posibilidade é moi superior a ese 5%. De todos os xeitos, iso desde logo ímolo trasladar para que os concellos teñan o menos custo posible, para que os provedores cobren, que é o máis importante e, efectivamente, outros non se aproveiten. E é certo que eu dixen en todas as intervencións públicas, e eu creo que o recoñecín, e se non, rógole que mo fagan saber, que a xestión económica desta Deputación durante a época anterior foi boa, nunca escoitarán en min unha crítica nese sentido, e creo que en todos os lugares onde teño posibilidade de dicilo, así o fago constar. É certo que seguramente, auspiciado por todos, por unha boa dirección económica e que esta nova etapa tamén tomou decisións importantes nos seus orzamentos para poder seguir esa liña, orzamentos que foron aprobados por uns e outros non, pero desde logo que nesa liña, co recoñecemento deste presidente a todos os que conformaron as corporacións anteriores, e imos seguir traballando nesa liña e mellorando, se somos capaces, que creo que si.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas ante os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias.

Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno corporativo.

2º.-Encomendar á Presidencia a análise previa da participación provincial actual en organizacións públicas ou privadas para valorar as actuacións que procedan en orde a reordenar e racionalizar a dita participación provincial.

Do resultado da análise previa citado darase conta ao Pleno coas propostas de acordo correspondentes.

3º. Nun próximo expediente de modificación de créditos incluírase a dotación orzamentaria necesaria para poder atender a realización e tramitación dun Plan estratéxico provincial para o período 2012 – 2015 que permita orientar as actividades e servizos provinciais que se han prestar aos concellos, ás organizacións públicas ou privadas do ámbito provincial e á cidadanía da provincia, de acordo coas circunstancias e necesidades actuais, tomando en consideración as oportunidades que permita o marco estratéxico de converxencia económica da Unión Europea.

O devandito Plan estratéxico deberá contemplar as accións externas e as organizacións internas precisas para alcanzar os obxectivos definidos.

4º. De conformidade co establecido na Base 11 de execución do orzamento provincial do exercicio 2012, unha vez coñecida a información relevante que recolla a Lei de orzamentos xerais do Estado, realizaranse os trámites oportunos para amortizar anticipadamente o importe da débeda provincial actual que permita a marxe de financiamento dispoñible.”

20.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2012 DE APROBACIÓN POLO PLENO.

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Simplemente que entre esas modificacións do expediente atópase unha ampliación de capital da Sociedade de Garantía Recíproca Afigal, fundamentalmente co obxectivo, igual que comentabamos antes de que aqueles emprendedores, ou aquelas empresas que non teñen outra vía, ou que teñen dificultades para acceder a operacións crediticias, a Deputación pretende a través desta Sociedade, con esta ampliación de capital que está exposta ao longo de catro anualidades, reforzar e colaborar dalgunha maneira en que se materialicen varias desas operacións de créditos que se xestionan a través desa Sociedade de Garantía Recíproca. E paralelamente facer mención a que un dos obxectivos era complementar a partida necesaria para garantir o financiamento do Plan de obras e servizos 2012, o POS, esa é, digamos outra das actuacións prioritarias

desta modificación de crédito e cremos que é un motivo de satisfacción dicir que a Deputación da Coruña nun momento en que outras moitas deputacións non foron capaces de manter plans similares a éste, esta Deputación conseguise manter esa liña de axuda aos concellos, onde ademais unha porcentaxe importante estaba liberada para que aqueles concellos que o quixesen puidesen optar tamén a facer investimento ou gasto corrente. Nada máis e moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, aprobase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2012 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe de 42.892.663,16 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	4.132.188,94
SC. Suplemento créditos:	38.760.474,22
Total de aumentos:	42.892.663,16

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

RX. Remanente de tesourería para gastos xerais:	42.892.663,16
Total financiamento:	42.892.663,16

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	540.336,92	0,00
2. Gastos correntes	1.499.736,52	0,00
3. Gastos financeiros	13.963,64	0,00
4. Transferencias correntes	4.749.729,65	0,00
6. Investimentos reais	12.391.507,19	0,00
7. Transferencias de capital	23.652.674,84	0,00
8. Activos financeiros	44.714,40	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	42.892.663,16	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	42.892.663,16
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	42.892.663,16

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 21 do Texto refundido da lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto legislativo

2/2007, do 28 de decembro e o artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

21.-MODIFICAR A BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO: “SUBVENCIONS E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2012”.

Por unanimidade, aprobase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 49ª de execución do orzamento provincial.

1º.1. Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do orzamento provincial do exercicio 2012 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE ACHEGA
0601/334A/480	Fundación Camilo José Cela	G15119456	Gastos de funcionamento do ano 2012	36.000,00

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/161A/762.01	Concello de Val do Dubra	P1508900F	Abastecemento auga Pousada – Campo Carlexo.	52.310,90	52.310,90	100,00
0202/169A/762.01	Concello de Cariño	P1509500C	Reforma planta baixa Casa Consistorial	49.971,48	49.971,48	100,00
0202/169A/762.01	Concello de Cerdido	P1502500J	Adquisición de terreos e construción de nave na parroquia Os Casás.	105.000,00	105.000,00	100,00

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0601/334A/481	Asociación Xuvenil Vrenza	G15409196	Proxecto: Futuro sostible, futuro posible.	48.000,00	60.000,00	80,00
0701/231E/481	Asociación Pro Saúde Mental A CREBA	G15476310	Mantemento para posta en marcha do centro asistencial a Creba-Barbanza.	30.873,21	51.091,51	60,43
0701/231E/781	Asociación Pro Saúde Mental A CREBA	G15476310	Acondicionamento dun local para o centro asistencial a Creba-Barbanza.	59.126,79	128.820,78	45,90

1º.2. Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0305/432A/462.01	Concello de Ferrol (1)	P1503700E	Plan de competitividade turística	64.200,00	80.250,00	80,00
0305/432A/481	Asociación Empresarios Hostalería Ferrol e Comarca (2)	G15092513	Mantemento dunha oficina de xestión da hostalería e turismo e sensibilización dos axentes sociais do destino Eume-Ferrol-Ortegal 2012	20.000,00		
0305/432A/762.01	Concello de Ferrol (1)	P1503700E	Plan de competitividade turística, investimentos	20.800,00	26.000,000	80,00
0305/419A/462.01	Concello de Vilasantar (3)	P1509100B	Feira agricultura ecolóxica 2012	20.000,00		
0601/335A/481	Auditorio de Galicia(3)	Q1500340C	Programa actividades ano 2012	240.000,00		
0701/231E/781	Asociación de diminuídos psíquicos amigos da Barbanza (AMICOS) (4)	G15747678	Residencia persoas diversidade funcional en Boiro. Anualidades 2011-2012	400.000,00	736.872,95	54,28

- (1) Distribución da subvención inicial de 85.000,00 euros en dúas: unha co mesmo obxecto pero inferior presuposto (64.200,00) e outra con obxecto diferente e polo tanto, diferente aplicación (20.800,00).
- (2) Cambio do obxecto.
- (3) Corrección do CIF.
- (4) Incremento da subvención en 222.000,00€ procedentes da subvención nominativa do 2011.

2º.- Disponer a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

22.-MODIFICAR AS SUBVENCIONES NOMINATIVAS DE EJERCICIOS ANTERIORES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación das seguintes subvencións nominativas:

EXERCICIO 2010:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/134A/624.01	Concello da Coruña (1)	P1503000J	Adquisición ambulancia	60.000,00	60.000,00	100,00
0202/151B/762.01	Concello de Culleredo (2)	P1503100H	Mellora da accesibilidade no contorno urbano do Burgo	100.000,00	140.597,88	71,12

(1) Cambio do beneficiario e CIF.

(2) Corrección na aplicación presupostaria; cambio de criterio.

EXERCICIO 2011:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0701/231E/781	Asociación de Pais de Nenos Paralíticos Cerebrais (ASPACE) (1)	G15031529	Adaptación do pavillón do centro de atención integral para persoas con parálise cerebral en Osedo (Sada)	117.497,13	580.467,15	20,24

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0701/232A/462.01	Concello da Carballo (2)	P1501900C	Posta en marcha do novo proxecto de servizos sociais	17.000,00	21.250,00	80,00

(1) Incremento da subvención nominativa inicial (100.000,00) coa cantidade procedente da subvención da convocatoria xeral 2011, ref.: FOIEEA 2011/43 (17.497,13)

(2) Corrección do presuposto subvencionado.

2ª.- Baixa das seguintes subvencións nominativas

EXERCICIO 2010:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
0202/134A/624.01	Concello de Cariño	P1509500C	Reparación estrutura naves almacén e servizos	59.030,05
0202/151B/762.01	Concello de Cerdido	P1502500J	Adquisición e posterior acondicionamento de terreos	80.000,00
0202/425C/762.01	Concello de Val do Dubra	P1508900F	Adquisición material básico sistemas solares térmicos	52.310,90

EXERCICIO 2011:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
0701/231E/781	Asociación Pro Saúde Mental A CREBA	G15476310	Acondicionamento dun local para o centro asistencial a Creba-Barbanza.	90.000,00
0701/231E/781	Asociación de diminuídos psíquicos amigos da Barbanza (AMICOS)	G15747678	Residencia persoas diversidade funcional en Boiro.	222.000,00"

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Seixas Naia

Moi bo día a todas e a todos. A verdade é que hoxe houbo aquí varias intervencións respecto das competencias que teñen as deputacións e das que teñen outras administracións, e esta pregunta vén moito a conto do que aquí se falou. A verdade é que quero aproveitar esta quenda de preguntas para preguntar ao presidente sobre o futuro dos servizos sociais que prestan as entidades locais dos concellos da provincia da Coruña. Na Comisión de Benestar Social deuse conta dun Plan de convenios de servizos sociais cos concellos menores de 20.000 habitantes, programa que leva desenvolvendo nesta institución desde o ano 1996. Este Plan de convenios pretende ser un complemento ás axudas, sempre insuficientes, que presta a Xunta de Galicia para os servizos sociais comunitarios básicos, en concreto financia o pago de retribucións e seguros sociais de persoal que traballa en servizos como poden ser, a axuda no fogar, e os servizos de apoio a unidades de convivencia. Isto era ata o de agora, a Deputación da Coruña achegaba ou complementaba as insuficientes axudas que puña a Xunta de Galicia, pero a partir do día 11 de marzo deste ano a cousa cambia, e bastante. Esta é a data na que se publica, por parte da Consellería de Benestar, o Decreto 99/2012, polo que a Xunta pretende regular os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Segundo o que se di neste Decreto, a partir de agora, ou de xa, as deputacións teñen novas encomendas xa que o que ata agora eran axudas complementarias, agora pasan a ser axudas obrigatorias para estas institucións. Por resumilo brevemente, a Xunta de Galicia obriga por Decreto ás deputacións a pagar os servizos comunitarios básicos dos concellos menores de 20.000 habitantes, que na provincia da Coruña son 83 concellos de 94. Os servizos comunitarios básicos non son unicamente o servizo de axuda no fogar, senón que son outros moitos servizos que en moitas destas institucións locais están a prestarse, e que ademais todos os concellos galegos teñen a obrigaón, por lei, de prestalos. Os custos destes servizos nos concellos son moi elevados, en palabras dos propios gobernos locais, e en absoluto a Xunta estaba a cubrilos e por iso creuse necesario no seu momento que as deputacións puidesen axudar.

Unha cuestión de números que quero deixar aquí, no ano 2011, en decembro de 2011, concretamente o 23 de decembro de 2011, a Xunta de Galicia publicou as axudas do Plan concertado, nesas axudas van tamén para os concellos menores de 20.000 habitantes, para os servizos comunitarios básicos. Como dicía, na Coruña hai 83 concellos menores de 20.000 habitantes, que recibiron a cantidade, en total, de 3.616.000 euros, cantidade que agora é retirada. A Deputación reservou neste Orzamento de 2011, porque xa a Xunta reducira no Plan concertou 2 millóns de euros, unha cantidade un pouco superior á de 2011, en total 3.190.722 euros, e por tanto, entre unha achega e a outra os concellos disporán dunha contía total de 6.800.000 euros. Como digo, unha parte desa cantidade desaparece agora con este Decreto. Esas subvencións que se daban por parte da Xunta e da Deputación non cubrían na maioría dos casos nin o 50% dos custos dese servizo. A maiores disto, eu creo que para o ano

2012 a situación é moito máis grave, xa non só nos servizos sociais comunitarios básicos, senón tamén, por exemplo, nas contías de axuda á dependencia, que no proxecto de Orzamentos do Estado redúcense en 283 millóns de euros e, por tanto, increméntase o número de persoas que verían recoñecida a dependencia, pero non hai medios económicos para darlles, podemos sumar tamén que no proxecto de Orzamentos do Estado o Goberno reduce as achegas aos concellos en 50 millóns de euros, as achegas municipais para servizos sociais, ou que tamén neste Decreto retíranse as axudas para o financiamento das unidades de traballo social nos concellos tamén menores de 20.000 habitantes.

Por tanto, as preguntas son as seguintes: se están vostedes de acordo coa literatura, con estes preceptos, con estes artigos do Decreto 99/2012 no que se refire ás novas competencias unicamente económicas que van ter as deputacións para subvencionar estes servizos, que son de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia; cales son os custos totais que vai asumir a Deputación da Coruña tendo en conta as cantidades que antes mencionaba e se nós imos ser capaces de achegar toda esa cantidade ou unha maior, e se vostedes van pedir, á vista de todo isto, a retirada deste Decreto e que se abra unha liña de diálogo co conxunto dos concellos, por parte tamén da Xunta, co fin de que a Xunta siga garantindo o servizo e o financiamento destes servizos. Grazas.

Sra. Rodríguez Pérez

Está claro que a situación económica é moi complicada no contexto actual que estamos a vivir. Este Plan de convenios, como ben dixeches, Silvia, xa leva anos na Deputación, e a nosa idea é seguir colaborando e facendo con este Plan de convenios tentar axudar aos concellos o máximo que poidamos. Neste ano, de feito, aumentouse nun millón de euros o importe de axuda no fogar, porque nos parecía que coa crise que estabamos a vivir e a Xunta de Galicia non podía facer fronte a esta achega, decidimos desde a Deputación seguir axudando a estes concellos, aos pequenos concellos. Agora, doutra banda, estamos pendentes de aumentar en 0,9, ou sexa, case outro millón de euros, o que é un pouco a intervención familiar, educadores familiares, técnicos de grao medio e superior. O que se tenta desde aquí é tentar seguir axudando aos concellos, desde logo este Decreto claro que marca unhas liñas, cales van ser os traballadores que van ter máis importancia, que vai ser obrigatorio telos, e desde logo desde a Deputación o que queremos é seguir colaborando coa Xunta, cos concellos, porque os servizos sociais son básicos e son prioritarios. Neste momento o aumento que tivemos neste orzamento serán 1,9 millóns de euros, e iremos vendo, a idea é colaborar cos concellos porque para iso a Deputación é o concello dos concellos, e tentar ir vendo como vai xurdindo.

Sr. Regueira Varela

Brevemente, hai pouco, no mes de febreiro, a finais, saía publicado no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria dunha praza de persoal laboral de alta dirección para coordinar diferentes áreas técnicas desta administración. Nós entendemos que, ou

ben se dubida das cualificación técnica dos xefes de Servizo desta casa, ou ben se entende que non hai capacidade suficiente para coordinar esas tres áreas de xestión, pero como non temos ningunha dúbida da cualificación técnica e da profesionalidade dos xefes de Servizo desta administración, nin tampouco temos dúbida de que vostedes, coa maioría suficiente, poidan e sexan capaces de coordinar esas áreas, entendemos que non hai lugar, se cadra, para a convocatoria deste posto de traballo. En todo caso, gustaríanos que se nos respondese o porqué, cal é a razón última da convocatoria deste posto de coordinador.

Sr. Presidente

A verdade é que durante estes anos anteriores tamén se fixeron cousas, e esa boa xestión económica tamén veu acompañada nalgún momento por unha decisión política de buscar un coordinador de determinadas áreas, supoño que iso dará resposta á súa pregunta. Nós consideramos neste momento que se poden coordinar diversas áreas que existen na Deputación, fixémoslo coa área de Informática, sabe vostede que foi aprobado por todos os sindicatos, salvo un, e que agora, polo que temos noticia, incluso ese sindicato felicitounos por esa reordenación das áreas e querémolo facer tamén con tres áreas distintas. Esperemos poder ofrecer un maior ou un mellor funcionamento destas áreas, e por iso recorremos a esa coordinación que xa se empregou tamén en momentos anteriores por vostedes cando gobernaban, por iso espero que comprendan o porqué desta forma.

Aínda que acabou a orde do día, si saben que comezamos un novo libro de ouro da entidade, e gustaríame que todos aqueles que considerasen oportuno, asinasen neste libro, os deputados desta Corporación que están presentes, se queren pasar a asinar, estaríamos orgullosos de contar coa súa sinatura tamén neste libro. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e oito minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.